

A paradiplomacia galega na nova normalidade



A paradiplomacia galega na nova normalidade

DIRECCIÓN: **Daniel González Palau**

EQUIPO COLABORADOR: **María Xosé Porteiro, Joám Lopes Facal, Miguel Angel Martínez Pe-
llitero, Marola Padín Novas (潘海韵), Miguel Rodríguez Fernández, Duarte Romero Varela,
Xoán Antón Pérez-Lema, Silvia Montero Küpper.**

MAQUETACIÓN E EDICIÓN ELECTRÓNICA: BREO.gal

ISSN: 1989-9130

OBSERVACIÓN:

Os puntos de vista que se expoñen nestas colaboracións reflicten exclusivamente a opinión dos seus autores e, polo tanto, non representan o punto de vista oficial do IGADI.

The views expressed here are those of individual contributors and do not necessarily represent those of the IGADI as such.



**XUNTA
DE GALICIA**

A edición deste informe contou coa
colaboración da Secretaría Xeral de Política
Lingüística da Xunta de Galicia

Segue ao IGADI en [TWITTER](#) ou [FACEBOOK](#),
subscríbete ao noso [BOLETÍN ELECTRÓNICO](#)
na páxina web WWW.IGADI.GAL ou [escribenos a info@igadi.gal](mailto:info@igadi.gal)

Índice

1.	Presentación	4
2.	Begin the beguine María Xosé Porteiro	5
3.	A acción exterior do Goberno Feijoo e a nova normalidade (2009-2020) Daniel González Palau	8
4.	A economía galega e comercio exterior Joám Lopes Facal	17
5.	Galicia e Axenda 2030: “Think global, Act local” Miguel Angel Martínez Pellitero	24
6.	Galicia-China, un binomio con forza. A acción exterior de Galicia e as relacións con China Marola Padín Novas	27
7.	Galicia e a lusofonía na década dos 20 Daniel González Palau	29
8.	Inmigración e comercio tralo Brexit: os interrogantes reabertos pola pandemia global Miguel Rodríguez Fernández e Duarte Romero Varela (Presentadores do podcast Té con gotas)	31
9.	O Brexit e a continuidade de Escocia, Irlanda e Gales no Reino Unido Xoán Antón Pérez Lema	34
10.	Sen tradución non hai Acción exterior galega Silvia Montero Küpper	38
11.	Documento: Os 28 anos do IGADI e a futura Lei galega de acción exterior e cooperación ao desenvolvemento	42
12.	Autorías	43

Presentación

1. A paradiplomacia galega na nova normalidade

O informe anual *Nós No Mundo* cumpre no 2020 a súa undécima edición. Nacido para servir de documento de referencia e seguimento anual das políticas de acción exterior de Galicia, vén a luz neste atípico mes de xuño de 2020, tralo confinamento producido pola crise da Covid19 desde o 14 de marzo e agora, transitando a nova normalidade co ollo virado á convocatoria electoral á Xunta para o 12 de xullo.

Cando a comezos de 2020 pensabamos en organizar o anuario, co horizonte electoral incerto á Presidencia da Xunta de Galicia, centramos a proposta inicial do índice arredor dos debates e avances durante 2019 da Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento. Procuramos a participación dos distintos partidos políticos presentes no Parlamento, así coma dos axentes públicos e privados máis importante da presenza internacional de Galicia, na liña destes 11 anos de *Nós No Mundo* (incorporando achegas plurais en galego arredor das nosas políticas públicas de acción exterior).

Sen embargo, coa convocatoria electoral ao Parlamento galego do 10 de febreiro para o 5 de abril, e a suspensión sine die do proxecto de Lei de acción exterior, (varada na mesa do Parlamento en disolución trala súa aprobación no último Consello da Xunta do 30 de xaneiro) decidimos amplificar o foco do anuario, revisando tamén a escala e o impacto do Brexit en Galicia. Finalmente, o trepidante mes de marzo de 2020 e o inicio do confinamento e normalización da distancia de seguridade fronte á Covid19 no conxunto da sociedade internacional, acabou por obrigarnos a

flexibilizarmos aínda máis a proposta da edición deste ano (o Brexit e o impacto en Galicia ocupará de maneira monográfica no próximo número do Tempo Exterior).

Con estes vimbios, a resolución final da duodécima edición do *Nós No Mundo* desenvólvese recorrendo varias temáticas fundamentais da *nova normalidade da acción exterior de Galicia*; a diáspora, a radiografía da nosa economía internacional no momento actual, o marco político e legal que deixa o Goberno Feijoo en acción exterior 2009-2020, a aterraxe no sistema institucional galego da Axenda 2030, as relacións de Galicia con China, a lusofonía e o Reino Unido ou o papel da tradución na nosa acción exterior.

A pandemia amosou as fendas da globalización mais demostrou a necesidade do tempo exterior e do coñecemento rigoroso e sistemático arredor da acción internacional coma política pública. A singularidade e o valor engadido do noso selo exterior pasa tamén polo status de nacionalidade histórica. Agardamos que máis cedo que tarde este asunto prenda na axenda política e Galicia adique forzas a integrarse de maneira eficaz na sociedade internacional que xa chega, poñendo e actualizando a nosa marca en valor agora que a Covid19 suspendeu as partituras todas, emerxendo tamén con toda a súa forza a globalización do mundo online e a transformación dixital.

Por último agradecer con forza a todas as persoas colaboradoras co anuario a súa colaboración e paciencia para sacar adiante esta 12ª edición do *Nós No Mundo*. Aspiramos a manter vivo o debate construtivo e non por iso auto compracente sobre a necesidade da paradiplomacia galega, desenvolvida desde as institucións en complicidade coa sociedade.

María Xosé Porteiro

2. Begin the beguine

Non son tempos propicios á comparación con outros que puidesen orientar sobre escenarios posibles, así que facer calquera análise prospectiva é moi arriscado. A única certeza na que podemos confiar é a seguridade da incerteza.

Quen sabe como será a mal denominada “nova normalidade”. De entrada, a denominación chántase sobre un significado ambivalente. “Novo” e “progreso”, adoitan ir da man na percepción impulsiva. Con “normal” e “correcto” acontece o mesmo. Evidentemente, o novo pode ser pésimo. E o normal pode ser habitual e non por iso, menos pésimo.

Daquela, podemos afirmar só cousas que xa pasaron. Por exemplo, que o futuro xa chegou: é este tempo no que estamos a vivir. A secuencia pasado-presente-futuro, rompeu.

A actual crise esta deixando en evidencia a febleza da axenda exterior galega baseada, case na súa totalidade, na diplomacia económica vencellada a intercambios empresariais, procura de novos mercados e mantemento dos existentes. Ao abordar este asunto é preciso aclarar que o caso Inditex non procede computar en termos “galegos”, ou, cando menos, nesta reflexión non se fai.

A balanza exterior comezou a sernos propicia nos anos de saída da anterior crise financeira. Rematamos 2017 en segunda posición, despois de Euskadi, coa balanza exterior máis positiva. Isto, xunto a redución do endebedamento público galego vendeuse como logros políticos que agochaban, no primeiro caso, algo de baraka en actuacións que máis tarde resultaron malogradas -coma a operación Pemex- e no segundo, o

custe social da redución de servizos públicos básicos, nomeadamente sanitarios, que a crise actual deixou, descarnadamente, ao descuberto.

O destino dos produtos galegos tiña, ata esta nova crise, a mercados europeos próximos (Francia, Italia, Portugal ou Reino Unido) como principais receptores chegando a superar o 80% das exportacións. O impacto da pandemia nestes países está a ser dos máis negativos no contexto comunitario e iso terá repercusión na nosa competitividade, ata un punto que agora mesmo é complicado prognosticar.

Dentro deste ámbito da diplomacia pública que é o económico, hai que contemplar tamén a fuga de cerebros que marcou o comezo dunha nova vaga de diáspora. Só nun lustro emigraron 15.000 novos graduados. A principios de 2018 a Xunta admitía que era preciso frear esta fuga porque traería “consecuencias moi perniciosas como o incremento de gastos sanitarios, a contracción da demanda interna ou a ausencia de investimentos, cunha grave incidencia na nosa economía”. O certo é que **moitos licenciados en carreiras científicas ou tecnolóxicas foron mande obra barata para países onde a I+D+I é unha estratexia de Estado, como Alemaña ou Estados Unidos e, nestes intres, a carencia faise notar coa ausencia de Galicia na reactivación deste sector por mor da pandemia.** A nova diáspora, unida ao envellecemento demográfico e á inversión da curva demográfica, propiciou a chamada “Estratexia governamental Retorna 2020” para atraer novos residentes de orixe galega que se animasen a encamiñar a súa vida cara

o rural, sen resultados que poidan considerarse satisfactorios e mesurables en termos económicos.

En canto á política de veciñanza, a falla de sintonía política con Portugal, supuxo tamén un freo a concertación e nin sequera foi posible a sinatura dun protocolo, ou convenio bilateral, en materia medioambiental, mesmo tendo en conta a coincidencia paisaxística e edafolóxica que fixo dos lumes un inferno compartido. As respostas foron en sentido contrario ao convinte chegando ao extremo de converterse Galicia na reserva das grandes papeleiras portuguesas, como Navigator, para a produción de eucalip-tos.

Outra cuestión pendente estriba na posición que poida chegar a ter Galicia nas relacións económicas co Reino Unido -e coa Commonwealth- cando se finalice o tránsito do Brexit, tanto como potencia pesqueira como por marcar unha estratexia comercial con posibilidades de supervivencia e expansión.

Antes de pasar ao ámbito explícito da diplomacia cultural cómpre abordar a cuestión lingüística, porque atinxe tanto á economía como á cultura. O fracaso do modelo lingüístico actual queda reflectido nos informes elaborados polo Consello da Cultura e noutros organismos comunitarios. Daquela, o potencial de expansión da nosa economía da cultura, e mesmo como ponte para investidores en países de fala portuguesa -que nos levarían á práctica totalidade dos continentes-, segue sen ter a importancia debida nin a correspondencia na política educativa que, máis ben, frea o seu afianzamento e expansión.

En canto á diplomacia cultural, ten unha importancia innegable na imaxe que se proxecta de Galicia e as súas posibilidades para construír unha marca-país realista e ambiciosa, máis

a actual crise golpea de cheo neste sector, con consecuencias que tamén se poderán avaliar pasado algún tempo.

Esta crise sanitaria e económica devén en crise política irremediamente, e no caso de Galiza prodúcese co engadido dunha situación de anormal interinidade governativa. O aprazamento das eleccións galegas deixa a Autonomía sen asemblea lexislativa e cun executivo que se sente libre do control parlamentario. En calquera caso, no debate electoral interrompido polo Estado de Alarma, non se apreciaba interese dos actores políticos por establecer unha axenda exterior de peso, onde o valor potencial das singularidades e fortalezas de Galicia estivesen recoñecidas e aproveitadas nunha estratexia realista en prazos posibles.

Outra cuestión pendente, vinculada a política en sentido institucional, é a aposta clara e decidida por promover a reforma da actual Lei electoral que limita o dereito a voto da cidadanía galega residente fóra do territorio pola imposición do voto rogado. Tendo en conta que as persoas de orixe galega coa nacionalidade recoñecida e residentes no exterior xa superaron o medio millón, estamos perante un colectivo de notable dimensión. Esta cidadanía está espallada por moitos países en varios continentes e o seu papel como embaixadores de Galicia está sen aproveitar, ou, tan sequera, maxinar, sometidos aos antigos modelos das organizacións asociativas tradicionais do que na Galiza exterior chaman “a colectividade”.

Entre tantas diplomacias, segue pendente a que deba ser a primeira e prioritaria desde hai tempo: a ambiental, na que Galiza carece dunha axenda propia con capacidade para acordos e consensos, co que desperdicia unha boa ocasión para ter presenza e iniciativa, abandonando a responsabilidade de su-

marse a un debate vital para o noso país como parte desa outra orde mundial que xa chegou.

O que hai seis meses sería unha situación imaxinable nun futuro a medio ou longo prazo, resultou ser posible case no minuto seguinte fundíndose a distopía coa realidade. O “exterior” condicionaba a política interior, mais vén de acadar unha dimensión universal que xera reaccións de contracción á defensiva. Situacións impensables hai tres meses, coma o peche de fronteiras para controlar a expansión da pandemia, puxo patas arriba o espazo Schengen, ali-

cerce da UE, e maniféstase como unha das sorpresas que nos trae esta distopía.

Quedan moitos espazos de análise sen abordar, como as estratexias de colaboración derivadas das canles que ofrecen as alianzas internacionais entre mulleres feministas, ou a posibilidade de facer política de país, política institucional, con ese frontispicio. Mais, iso será outro día.

Nun momento coma este prefiro seguir o dito dun mariñeiro amigo, cando aconsella “deixa ir ata ver...”.

Daniel González Palau

3. A acción exterior do Goberno Feijoo e a nova normalidade (2009-2020)

A *nova normalidade* transformará o marco de acción das políticas públicas a nivel local e internacional, acelerando a reconversións ambiental e dixital en curso. Desde esta premisa e no contexto das próximas eleccións autonómicas de xullo do 2020, o fortísimo impacto nos sistemas de saúde e seguridade social augura mudanzas na redefinición das políticas públicas tradicionais. A transición rápida cara a nova normalidade deixa en suspenso a súa evolución e duración.

A acción exterior galega, abertamente deteriorada nos últimos anos pese a relevantes pasos adiante, debera estar tamén entre as receitas necesarias para a reinvenção do modelo de Galicia para o S.XXI post-Covid19. Neste contexto aspiramos a presentar o modelo de acción exterior durante o Goberno Feijoo 2009-2020, para identificar avances e retrocesos, achegando alternativas desde onde programar a década que vén tralo shock inicial da pandemia.

Os cambios tectónicos en curso na política internacional e as ameazas á conectividade global obrigan nun momento de abrupta incidencia nas exportacións galegas e ameaza ao noso sector turístico⁽¹⁾, a dar pasos estratéxicos para normalizar a política de acción exterior en Gali-

(1) La Voz de Galicia 20-4-2020 "El sector turístico gallego afronta pérdidas de 2.476 millones de euros: La pandemia se llevará por delante hasta 32.181 empleos de los 123.772 vinculados".

ABC 2-5-2020 "Feijóo llama a «reinventar» el turismo, la «cara e imagen» de Galicia para salir de la crisis".

ABC 19-05-2020 "El coronavirus impacta en el comercio exterior que cae un 26,7% en marzo".

cia e poñela no centro do noso modelo de desenvolvemento socioeconómico e sociocultural.

Once anos entre o pecado orixinal e as ambivalencias.

Nestes 11 anos de goberno o papel de liderado na Xunta de Galicia do Presidente A. N. Feijoo é recoñecido por todas. Un dos elementos sobre os que modelou o seu discurso público é arredor do perfil internacional de Galicia e a relevancia da *globalización* no noso futuro e modelo socioeconómico e sociocultural: desde a aprendizaxe do inglés á pedagogía arredor da relevancia internacionalización económica, ou a globalización do Xacobeo, de maneira especial na edición do 2021 e na ollada estratéxica do discurso dos últimos meses previos á explosión da Covid19 –*A Década Xacobeo* (en referencia aos anos Xacobeo 2027 e Xacobeo 2032)⁽²⁾.

Sen embargo, a acción exterior coma política pública perdeu rango desde a primeira estrutura política-administrativa do primeiro Goberno Feijoo na Xunta de Galicia de 2009, degradando a anteriormente Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, UE e Cooperación (dependente da Presidencia) nunha Dirección Xeral de Relacións Exteriores, UE e Cooperación (dependente da Consellería ou da Vicepresidencia, exercida por Alfonso Rueda ao longo dos distintos mandatos). E desde o 2009 ata hoxe⁽³⁾. Xunto a outras ambivalencias na súa

(2) Na prensa física e online do 20 de xullo de 2019 dase conta da presentación do Plan estratéxico do Xacobeo 2021 onde se anuncia a *Década Xacobeo*, a énfase na dimensión global do acontecemento e os distintos eixos da próxima estratexia Galicia 2020. No mês de decembro de 2020 abríase o proceso formal de definición do Plan Estratéxico de Galicia 201-20230.

(3) Na secuencia 2010-2020 dos anuarios do IGADI arredor da acción exterior de Galicia, a publicación –*Nós No Mundo* perfila o modelo de acción exterior do Presidente Feijoo (ver Bibliografía ao final do texto, dispoñibles na web do

folla de servizo nesta década longa as políticas públicas de acción exterior son un ámbito axeitado para ollar do máis televisivo ao máis refinado, e recoñecer os seus éxitos e tamén os seu déficits.

Así desde as misións exteriores do Presidente ás moi variadas accións dos distintos departamentos da Xunta con incidencia na acción exterior, principalmente no ámbito da necesaria diplomacia económica, a acción internacional da Xunta avanzou sempre en primeira liña do telexornal e de maneira especial naquelas accións de captación de investimento estranxeiro, coma as misións presidenciais a México que abranguen do 2010 a 2020⁽⁴⁾.

As ambivalencias foron así claras desde o comezo, combinando a redución dos orzamentos en acción exterior e cooperación internacional, con discursos públicos fortes en relación á relevancia das capacidades globais para o desenvolvemento de Galicia, coma o impulso discursivo do Consello de Acción Exterior⁽⁵⁾ durante o 2010 (e o documento de reflexión *-Prioridades de Actuación 2010-2014*) ou a Cimeira e a foto cos ex-presidentes da Xunta en Monte Pío no

2013 (e a promesa, incumprida, de ser embaixadores da Galicia exterior)⁽⁶⁾.

Así se cunha man era capaz de posicionar á axenda da Galicia global entre os eixos de traballo motores do seu Goberno, coa outra rachaba a tradición lenta mais progresiva de ordenación da acción exterior galega, de Laxe, Fraga e Touriño-Quintana⁽⁷⁾. Escollía o peor momento para facelo, xa que a velocidade da globalización aumentaba moi sensiblemente ao longo destes once anos, polo que axenda exterior e os intereses da Xunta e de Galicia medraron de maneira descontrolada e fragmentada, e as veces con algunha sensación de opacidade.

Pese a estes déficits, coma dixemos, o Presidente Feijoo fixo gala ao longo desta década de ser consciente da importancia do selo internacional de Galicia, por medio de medidas reais e notables, mais en demasiadas ocasións simbólicas e rituais. Esta afirmación constátase paradigmaticamente co achegamento ao portugués e a Portugal da Lei Paz Andrade⁽⁸⁾ (2014), que pese a facer agromar o seu perfil máis galeguista e estratéxico fica a estas alturas cun inmenso camiño por percorrer, especificamente na introdución do portugués no ensino⁽⁹⁾.

IGADI).

- (4) LA VOZ DE GALICIA 30-04-2010, "Feijoo emprende un viaxe relámpago a México con cuatro citas institucionales y con la emigración".
- EL CORREO GALLEGO 30-9-2011 Feijóo ve "cero electoral" su viaxe a México y Panamá.
- LA OPINIÓN, 18-4-2012, "La oposición exige a Feijóo que explique los motivos de su nuevo viaxe a México"
- EL CORREO GALLEGO, 12-4-2013 "El PPdeG defiende que Feijóo viaxe a México "para atraer inversiones".
- FARO DE VIGO, 13-3-2014, "Feijóo viaja a México y Panamá para "ahondar" en las oportunidades de negocio".
- LA VOZ DE GALICIA, 14-2- 2015 "Feijoo anuncia en México incentivos para atraer inversiones a Galicia".
- GALICIAPRESS 27-4-2018 "Feijóo empieza un viaxe a México buscando nuevos contratos para el naval".
- EL DIARIO 2020 "La aventura naval de Feijóo en México acaba envuelta en una espiral de investigaciones por corrupción"
- (5) 30-6-2009 EUROPAPRESS 2009 "Un consejo asesorará a la Xunta sobre las estrategias de acción exterior para reforzar la imagen de Galicia".

- (6) EL PAÍS 3-10-2013 "Feijóo usará como embajadores a los expresidentes de la Xunta".
- (7) Pódense atopar boas aproximacións históricas ao desenvolvemento da historia da acción exterior da Autonomía na -Estratexia Galega de Acción Exterior de Galicia, coma no MÉNDEZ ROMEU (2018) "Informe sobre a política de acción exterior da Xunta de Galicia, Eixo Atlántico ediciónes. Ambos documentos dispoñibles en internet.
- (8) A Lei, produto dunha Iniciativa Lexislativa Popular impulsada no 2012 polo reintegracionismo, movemento social que aspira a diluír as diferencias ortográficas entre galego e portugués, acabou por ser aprobada de maneira inesperada polo consenso de todos os grupos do Parlamento no 2014. No 2019, no quinto aniversario da súa aprobación realizamos o III Congreso de Estudos Internacionais "Galicia e a lusofonía diante dos desafíos globais" do que se poden atopar os vídeos de todas as Mesas na Universidade de Vigo Televisión.
- (9) PRAZA 19-7-2018 "O ensino do portugués chega en Extremadura a seis veces máis alumnado ca en Galicia".

A grande fenda desta época será o contraste entre a vida televisada da acción exterior da época Feijoo ligada á procura de negocios internacionais, coa minimización económica, fragmentación, e simbolismo da política oficial de acción exterior de Galicia⁽¹⁰⁾.

As dúas fases da axenda exterior do Goberno Feijoo

Máis alá do pecado orixinal e as ambivalencias discursivas recorrentes coma unha continuidade entre o 2009 e o 2020, identificamos dúas fases claras sobre a relación do Goberno Feijoo coa acción exterior.

1. (2009-2014) O primeiro goberno Feijoo comezou a súa xestión no marco da crise económica internacional iniciada no ano 2008 e coa austeridade coma palabra de orde fixo das re-estruturacións de gasto ou recortes o seu programa fundamental de goberno. Desenvolvéndose con éxito nese papel, no marco da hiper crise económica e as polémica arredor do Estatut catalán, tanto a acción exterior como a cooperación ao desenvolvemento, co ruído das Embaixadas cataláns de fondo, apareceron no *discurso xeral popular* coma competencias das Autonomías das que desconfiar⁽¹¹⁾.

No marco dese relato poderíamos trazar unha continuidade entre o 2009 e o 2014, caracterizada polo *desmantelamento da acción exterior coma política pública*, con acumulacións de recortes orzamentarios que chegan ao 60% entre 2009 e 2014, o que afecta primeiramente á degradación da SX de Exteriores en Dirección Xeral, á estrutura e capacidades da Fundación

(10) Neste sentido nada máis visual como ver que o responsable da acción exterior do Partido Popular de Galicia é o actual SX de Emigración da Xunta de Galicia, Antonio Rodríguez Miranda.

(11) EL IDEAL GALLEGO 4-2-2012 "La Xunta estudia usar la red diplomática estatal para ahorrar en la acción exterior".

Galicia Europa e as estruturas da Eurorexion, as Delegacións de Galicia no exterior, así coma ao sistema galego de cooperación no seu conxunto⁽¹²⁾ (ongds, Fondo Galego, Universidades...)⁽¹³⁾ No paraugas da crise e as habilidade do Presidente AN Feijoo pasou inadvertida a disolución do proxecto falido da *Illa do Pensamento*⁽¹⁴⁾, na Illa de San Simón en Redondela, onde o IGADI estivo entre maio do 2011 e xaneiro de 2013. No desmantelamento desta etapa, a saída abrupta da Illa e a suspensión dos convenios de colaboración entre o IGADI e a Xunta de Galicia desde ese momento (1997-2012), acentúan o perfil político e ideolóxico, e non tanto económico, do desmantelamento efectuado.

2. (2015-2020). Co goberno de M. Rajoy e tamén no contexto do avance do proceso independentista en Catalunya, impulsouse a Lei de Acción Exterior e servizo exterior español (2014) e a Lei de Tratados e Asuntos Internacionais (2014) coma nova concepción estratéxica do Estado en asuntos internacionais e marco de relación coa acción exterior das Comunidades Autónomas e cidades⁽¹⁵⁾.

(12) Nós No Mundo 2014 Á terceira non vai a vencida: a propósito do III Plan Director da cooperación galega ao desenvolvemento 2014-2017 Emilio M. Martínez Rivas.

(13) Na secuencia dos anuarios arredor da acción exterior de Galicia "Nós no Mundo" pódese coñecer máis arredor da profundidade destas mudanzas.

Nós No Mundo 2010 "A Axenda Galega"

Nós No Mundo 2011 "¿Menos acción exterior para internacionalizarse máis?"

Nós No Mundo 2012 "Un modelo de acción exterior crible para encarar a crise"

Nós No Mundo 2013 "Autonomías con valados nun mundo sen fronteiras"

Nós No Mundo 2014 "No Mundo a medias"

(14) EL PAÍS 29-5-2010 "San Simón se convierte en la Illa do Pensamento"

(15) EL MUNDO 13—3-2014 "El Congreso aprueba la primera ley de acción exterior de la democracia" ou GARCÍA PÉREZ, RAFAEL (2014) "La proyección internacional de las Comunidades Autónomas en la Ley de la Acción y del servicio exterior del Estado: Autonomía territorial y unidad de acción de la política exterior", Revista Electrónica de Estudios Internacionales.

Será neste novo marco legal, aprobado pola maioría absoluta popular do goberno Rajoy, na que AN Feijoo desenvolva a segunda etapa da súa acción exterior. En lóxica coa proposta de minimización de gasto e degradación do perfil político da primeira parte destes once anos, o goberno galego presentou trala aprobación da Lei estatal, o Decreto de Acción Exterior de Galicia (2015), encaixando tecnicamente a Lei e fiando á acción exterior de Galicia ao desenvolvemento da EGAEX (Estratexia Galega de Acción Exterior)⁽¹⁶⁾.

No proceso de construción do Decreto e da EGAEX o Goberno amosou iniciativa, o cal é positivo, mais dilatou tres anos en oficializar a EGAEX, entre 2015 e 2018, apostando finalmente por un texto máis propio dunha reflexión ou descrición que dunha estratexia, fuxindo da planificación, o seguimento e a avaliación. Aínda que a EGAEX ten elementos positivos como a incorporación do espírito da Lei Paz Andrade aos documentos oficiais da acción exterior de Galicia, non cumpre a función de estratexia ao non dotarnos dunha programación coherente ou obxectivos medibles e avaliáveis.

Despois dun grande debate alongado no tempo, trala terceira maioría absoluta do Presidente Feijoo nas eleccións de 2016, o 30 de decembro de 2017 o Parlamento aprobou a EGAEX. Na negociación a oposición abstívose grazas a incorporación dalgúns cambios positivos no documento, como a necesidade de desenvolver a acción exterior por medio dunha Lei propia ou a inclusión do IGADI como referente especializado no achegamento estratéxico a China.

A EGAEX aínda tardaría tres meses en ser oficializada en Consello da Xunta, despois do visto bo do Ministerio de Asuntos Exteriores en

marzo de 2018. A mesma secuencia de *iniciativa técnica, ralentización e minimización* daríase ao longo do 2019 (como explicaremos no seguinte punto deste documento) na elaboración da Lei, filla daquela negociación da EGAEX e que despois dun ano de proceso ficou varada no Parlamento coa convocatoria electoral do falido 5 de abril, e agora 12 de xullo⁽¹⁷⁾.

Cómpre en calquera caso poñer o foco sobre unha novidade positiva nesta segunda etapa 2015-2020. Se así coma a acción exterior no seu conxunto seguiu fuxindo dun control ordenado e programado na procura de coherencia, eficacia e transparencias, observouse entre 2016-2020 unha mudanza de tendencia orzamentaria en relación á cooperación internacional para o desenvolvemento, cun aumento sostido dos seus orzamentos e cun ascenso acumulado do 60%. Ademais deste cambio de tendencia orzamentario, o compromiso do Goberno AN Feijoo coa cooperación ao desenvolvemento gañou a complicidade dos principais actores do sistema galego de cooperación, coa aprobación por unanimidade do Plan Director da Cooperación Galega 2017-2020 e o capítulo reservado á cooperación ao desenvolvemento na proposta de Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento.

A Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento durante o 2019

Trala aprobación do Consello da Xunta da EGAEX en marzo de 2018 non tivemos ningunha novidade arredor do desenvolvemento dunha Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento até unha primeira comunicación electrónica ás entidades participantes do Consello de Acción Exterior en febreiro de 2019.

(16) Nós No Mundo 2016 “A ruta da acción exterior de Galicia: do ambicioso Libro Branco a un pudoroso decreto”.

(17) EUROPAPRESS 30-1-2020 “Galicia será la segunda comunidad con una ley de acción exterior, tras la catalana”

No mes de maio recibiamos o primeiro borrador da Lei e rexistrabamos as nosas suxerencias de modificación ao texto, entre as que subliñabamos a necesidade de que a Lei incorporase o compromiso de partidas económicas concretas, a obrigatoriedade da programación da EGAEX por medio de Plans Directores con indicadores de cumprimento (de maneira análoga ao capítulo de cooperación ao desenvolvemento) ou o reimpulso mecanismos de coordinación e integración da acción exterior da Xunta e do conxunto de actores internacionais galegos, coma o CAEX.

Lamentablemente e pese ao paso adiante positivos que significaba o impulso da Lei, ningunha das nosas propostas foi incorporada ao texto, amosando de novo un interese nulo en dar pasos adiante e dotar de sentidos coordinados e transparentes aos esforzos internacionais dos distintos departamentos da Xunta. Así as cousas en novembro de 2019 votamos no CAEX absténdonos⁽¹⁸⁾, xunto a Fegamp e ao Eixo Atlántico, despois dunha intervención crítica con algúns elementos da Presidenta do Consello da Cultura Galega, que finalmente votou a favor, así coma as Universidades e os sindicatos presentes e a Coordinadora Galega de ONGDs.

Cómpre advertir en maiúsculas que o Consello de Acción Exterior reuniuse 5 veces entre 2011 e 2019, incumprindo explicitamente o decreto de creación do CAEX, o que demostra a falta de vontade real de coordinación e coheren-

cia. Enténdese que a fragmentación é o estado natural, e así o minifundismo e as negociacións bilaterais acaban por servir máis á axenda política e mediática do goberno, que aos principios e obxectivos do Decreto de 2009 que deu comezo á acción exterior do Goberno Feijoo coa oficialización do CAEX, a EGAEX no 2015-2018, ou o propio proxecto de Lei aprobado o 30 de xaneiro no último Consello da Xunta de Feijoo (todos estes documentos inciden de maneira rimbombante na necesidade dunha maior integración, coherencia e coordinación dada a súa necesidade e as potencialidades de Galicia na sociedade internacional).

Así as cousas despois dese ano de traballo a década larga de A.N. Feijoo na Presidencia da Xunta de Galicia en materia de acción exterior rematou no último Consello da Xunta de Galicia o 30 de xaneiro cando o Consello remitía o proxecto de Lei aprobado ao Parlamento. Coa convocatoria electoral que o 10 de febreiro se anunciou para o 5 de abril o proxecto de Lei ficaba varado sine die, a espera dun novo Goberno e Parlamento.

[Do pecado orixinal á polisemia da acción exterior galega: Análise da fragmentación da axenda exterior \(2009-2020\)](#)

Falamos de pecado orixinal na degradación da SX de Exteriores de 2009, e non de virtude orixinal, dado o carácter internacional do noso tempo e a súa velocidade, mais tamén por ver nas capacidade e habilidades da propia Galicia fortes valores engadidos no seu perfil internacional, que compriría poñer en valor de maneira coordinada (dos Camiños de Santiago ao perfil atlántico e celta, a lingua e a lusofonía ou a nosa diáspora global...).

Coma consecuencia do anterior son cada vez máis os departamentos político-administra-

(18) O IGADI abstense no CAEX arredor da Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento.

Extracto da nota web do IGADI: "Nós aspiramos que a Lei sexa a porta a un salto de calidade, a unha política con orzamentos, avaliable, que procure indicadores do retorno da acción exterior. Que estimule a coordinación, o coñecemento e a innovación. Tamén previsible e recoñecible como política pública de seu, dentro da necesaria flexibilidade e capacidade de reacción para a xestión dos asuntos internacionais."

tivos con incidencia e influencia no desenvolvemento da súa acción exterior e perfil global, así coma entidades subestatais de todo o mundo e das rexións mais avanzadas, de Baviera ao Quebec ou o País Vasco⁽¹⁹⁾, que ordenan e programan a súa acción internacional procurando eficacias e coherencias. No caso de Galicia esta coordinación non existe ou non se explica, o que coa necesaria axenda internacional de viaxes e discursos, da lugar a esa sensación de opacidade.

Así as cousas observando a última composición do organigrama da Xunta identificamos os seguintes departamentos cunha moi notable vida internacional: a SX de Emigración, Consellaría de Economía e Emprego, a Consellaría do Mar, a Consellaría de Cultura e Turismo, e a DX de Exteriores, UE e Cooperación (sen desatender que tamén Consellerías como as de Política Social, Medio Rural ou Medioambiente teñen vida internacional).

A falta dunha análise orzamentaria para indicar unha xerarquía material entre as distintas modalidades de *diplomacia* arredor dos distintos programas e pesos económicos no Goberno Feijoo, presentamos aquí este breve cadro a modo de ilustración, seguindo un enfoque aberto de categorías universais arredor da *paradiplomacia rexional*, para pensar distintas dimensións do perfil internacional de Galicia e do seu goberno (que xa están pasando).

A Xunta de Galicia e o mundo global (2020)

- Diplomacia europea, *eurorexional e de DDHH: Dirección Xeral Relacións exteriores, EU, e Cooperación*
- Diplomacia económica: *Consellería de*

Economía (IGAPE e Axencia Galega de Innovación).

- Diplomacia da diáspora: *SX de Emigración.*
- Diplomacia turística e cultural: *Consellería de Cultura e Turismo (Axencia Galega de Turismo e Xacobeo) e Consello da Cultura de Galicia.*
- Diplomacia do mar: *Consellería do Mar (negociacións Brexit)*
- Diplomacia da lingua: *SX de Política Lingüística e Consello da Cultura (entidades oficiais que participan coma observadores consultivos na CPLP)*
- Diplomacia verde e Axenda 2030: *Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.*

Todas estas Consellerías e departamentos administrativos da Xunta teñen socios e relacións internacionais, proxectos, viaxes e orzamentos vinculados á acción internacional das súa parcelas de goberno e de administración. Sen embargo, o paradoxo destes once anos é que a medida que aumentaba a velocidade da globalización o departamento encarregado de coordinar toda esta vitalidade, pasou de ser unha SX a unha DX. Desde os tempos da diplomacia das queimadas do Presidente Fraga o deterioro é evidente.

No contexto da crise territorial do modelo do 78 e desde a condición de nacionalidade histórica, a acción exterior de Galicia precisa estruturas mínimas estables se aspira a estar no mundo poñendo en valor o seu perfil internacional. A continuidade programas de subvencións para a internacionalización, accións e viaxes de altos cargos da Xunta de Galicia, e do resto de institucións da Autonomía, sen planificación e sen avaliación de maneira coordinada é un lastre que

(19) Un exemplo próximo e relevante para comprender e normalizar a nosa acción exterior pode ser o Plan Estratégico Euskadi Basque Country 2018-2020.

acaba por diluír as nosas vantaxes comparativas no mundo global.

8 pasos para unha nova normalidade na acción exterior de Galicia

Despois de todo o exposto, a nosa idea é que o modelo de desenvolvemento socioeconómico e sociocultural, a eficacia, a eficiencia e a transparencia, son os vectores polos que despois das eleccións autonómicas do 12 de xullo de 2020 calquera goberno deba afrontar unha ordenación estratéxica da nosa acción internacional. Non se trata de facer máis, se non de coordinar e dar impulso a todo o que xa se está a facer.

Neste sentido a futura Lei Galega de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento, debería ter un papel urxente e importante na Galicia do futuro e do seu desenvolvemento socioeconómico e sociocultural no contexto inmediato do Xacobeo 2021 e a configuración do Plan Galicia 2030, desde o marco da Axenda 2030 de Nacións Unidas e xa, a *nova normalidade*.

A Covid19 impón afinar toda a fontanería de organización das políticas públicas e a relación co exterior seguirá a ser un espazo privilexiado para a multiplicación de posibilidades de todos os actores en todos os ámbitos, e un elemento diferenciador na capacidade de innovación e posicionamento dos territorios, e tamén no mundo online (económico, turístico, cultural...).

Así as cousas e sendo recoñecido por todas e todos o perfil global de Galicia coma un elemento crítico competitivo para a nosa competitividade, a nova normalidade obriga á cooperación e a coordinación mínima permanente en relación á proxección global da Xunta, mais tamén das cidades, as Universidades, as empresas, a industria cultural, as entidades sociais, as ONGD's... Vivir hiperconectados cara fóra e des-

conectados cara dentro non semella a opción estratéxica máis avanzada.

Así as cousas propomos un proceso normalizador da acción exterior galega, que de coherencia, eficacia e eficiencia á inflación operativa e simbólica da acción internacional galega dos últimos anos. Racionalizándoa, convertendo o consenso arredor da máisvalía do perfil internacional de Galicia nun compromiso firme de actualización institucional e modernización da Autonomía, que ademais é unha das nacionalidades históricas do Estado no moi especial contexto constitucional do 78.

Neste proceso o papel de Galicia na reconstrución da UE, a incorporación de Galicia á CPLP (previsiblemente baixo a participación directa do Estado con cesión de protagonismo para Galicia) a reinvenición da relación coa nova e vella diáspora (superar o enfoque asistencial), a nosa condición atlántica de centro do mundo europeo, ou a propia Década Xacobeana poden ser eixos temáticos nos que ordenar, incidir e avanzar de maneira real.

Neste proceso normalizador da acción exterior de Galicia presentamos oito pasos operativos na procura deste obxectivo:

1. Creación da Consellería da Galicia global: Conformaríase desde a integración das actuais DX de Relacións coa UE e Cooperación ao Desenvolvemento, SX de Emigración, Axencia Galega de Turismo e Xacobeo.

Ao mesmo tempo, haberá que incidir na actualización e volta SX de Relacións coa UE e Cooperación, que deba asumir o impulso da Lei Paz Andrade e a relación coa lusofonía e a CPLP. Pasándose a chamar *SX de Relacións Exteriores, EU-CPLP e cooperación*.

Sendo a idea da creación da Consellería unha posibilidade real, mais provocadora no contexto de minimización actual, ollar unha vez

máis a Euskadi e ao traballo da súa SX de Relacións Exteriores asociada á Presidencia pode ser un paso notable para avanzar.

2. Institucionalizar a Lei no Parlamento: Coas melloras arredor da obrigatoriedade da planificación e avaliación na Acción Exterior, a Lei debera aprobarse no Parlamento asumindo tamén partidas económicas específicas e previsibles.

3. Normalizar a Lei e desenvolvemento da EGAEX por medio de Plans Directores Estratéxicos: É preciso teimar na necesidade dun documento de programación reitor e avaliabile, con indicadores e metas, para a política de acción exterior da Xunta de Galicia e a súa EGAEX correspondente, consultada e participada entre os axentes da acción exterior de Galicia. Non se trata de fetiche planificador se non de eficacia e transparencia democrática, e mínimos desde onde medir o que facemos, explicitando para que o facemos, desde a flexibilidade natural da acción internacional, sendo conscientes do noso raquitismo cuantitativo mais non simbólico e cualitativo.

4. Fortalecemento das capacidades de diagnóstico, estratexia e de creación dun pensamento exterior propio: Haberá que fortalecer ás entidades especializadas e de traxectoria no ámbito da paradiplomacia e as relacións internacionais, coma o caso do IGADI, así coma a relación coas Universidades e os axentes da sociedade civil com vontade de sumar na promoción dese perfil propio global achegando coñecemento específico. Dotarse de capacidades propias faise pertinente para asentar bases de traballo que vaian alén do puntual e que aposten por traballo de continuidade con capacidade de promover consensos e ecosistemas colaborativos no marco da nacionalidade histórica.

5. Revitalización do CAEX. Coordinación desde a Xunta de Galicia, institucións da Autonomía e a Sociedade civil: A paradiplomacia galega, o conxunto de actores da acción exterior de Galicia encabezado pola Xunta de Galicia, debe aspirar a ser un espazo de cooperación mínima permanente, na procura de plans de traballo estratéxicos de longo alcance, con vocación e mecanismo reais de participación. Cúmprelle á Xunta exercer como parte facilitadora na coordinación, colaboración e coherencia coa acción internacional das nosas cidades, deputacións, Universidades, empresas, entidades socioculturais... que xeneran as autopistas globais de información e relación física e tamén dixital no novo mundo online.

Por exemplo, as experiencias de éxito internacional coma as do Concello de Pontevedra, grupos de investigación punteiros da nosa Universidade, ou personalidades e asociacións da nova e vella diáspora, non poden vivir ailladas da acción exterior oficial galega.

6. Convocatorias públicas de subvencións de acción exterior harmonizadas: A necesidade de dar coherencia e impulsar desde a Xunta de Galicia as políticas públicas de acción exterior, coordinándoas desde os distintos departamentos involucrados, precisan de medidas concretas de acompañamento co resto de actores da acción internacional galega, incentivando e reforzando eficacias e coherencias no noso ecosistema internacional entre as distintas convocatorias de subvención á internacionalización (IGAPE, AGAIN, Consellería de Cultura, Consellería de Mar, SX de Emigración....)

7. Comunicación, seguimento e avaliación da Galicia Global: A tendencia a ordenación débese acompañar dunha sistematización mínima de información e datos que doten de contido a toma de decisións para facer este seguimento

operativo, cando menos en relación á axenda internacional de viaxes da Xunta de Galicia e o resto de actores da acción internacional galega, así coma as visitas a Galicia dos nosos socios internacionais. A propia Comunicación, seguimento e avaliación deberán ser partes esenciais de calquera EGAEX con ánimo de incidir na realidade.

8. Axenda 2030, Política exterior verde e feminista: Asumindo a Axenda 2030 como marco universal desde onde pensar o noso modelo de desenvolvemento, facer do enfoque medioambiental e de xénero ideas transversais e diferenciadoras do noso posicionamento na sociedade internacional achegará valor engadido aos nosos esforzos, incidindo en elementos críticos do desenvolvemento humano na próxima década, no mundo e en Galicia.

Coma conclusión ollando ao futuro reincidentos en que ordenar a acción exterior de Galicia na nova normalidade é o primeiro paso para racionalizar a actual fragmentación e dispersión dos nosos esforzos e orzamentos internacionais. Asumindo o novo contexto e a austeridade en marcha así coma a necesidade de primar a defensa dos sistemas de seguridade social, a pandemia ás portas dunha nova lexislatura, suma unha razón máis ás ordinarias para nos dotar dunha acción exterior á altura do mundo e do tempo en que vivimos.

Bibliografía

- BEALL AND ADAM (2017) "Cities, prosperity and influence" BRITISH COUNCIL
- CHICAGO'S COUNCIL OF GLOBAL AFFAIRS (2017) Chicago's Global Strategy. A model for effectively engaging the world, COUNCIL OF GLOBAL AFFAIRS.
- GARCÍA PÉREZ, RAFAEL (2014) "La proyección internacional de las Comunidades Autónomas en la Ley de la Acción y del servicio exterior del Estado: Autonomía territorial y unidad de acción de la política exterior", Revista Electrónica de Estudios Internacionales.
- IGADI (2019) Nós No Mundo 2010 ""
- IGADI (2011) Nós No Mundo 2011 ¿Menos acción exterior para internacionalizarse máis?"
- IGADI (2012) Nós No Mundo 2012 "Un modelo de acción exterior crible para encarar a crise"
- IGADI (2013) Nós No Mundo 2013 "Autonomías con valados nun mundo sen fronteiras"
- IGADI (2014) Nós No Mundo 2014 "No Mundo a medias"
- IGADI (2015) Nós No Mundo 2015 "Unha acción exterior descapitalizada"
- IGADI (2016) Nós No Mundo 2016 "A ruta da acción exterior de Galicia: do ambicioso Libro Branco a un pudoroso decreto"
- IGADI (2017) Nós No Mundo 2017 "EGAEX Horizonte Nós No Mundo 2017 "EGAEX Horizonte Post-2020: Que rumbo?"
- IGADI (2018) Nós No Mundo 2018 "A paradiplomacia galega e a globalización do local"
- IGADI (2019) Nós No Mundo 2019 "A lusofonía, entre a Lei Paz Andrade e a EGAEX"
- MÉNDEZ ROMEU (2018) "Informe sobre a política de acción exterior da Xunta de Galicia, Eixo Atlántico edicións.
- RÍOS PAREDES, X. (2012) Nós no mundo, Unha política exterior para Galicia. Editorial Galaxia.

Joam Lopes Facal

4. A economia galega frente ao exterior

“Este informe foi elaborado com dados prévios à crise do coronavírus cujo impacto na economia e o comportamento social é ainda imprevisível”

1. A demanda de produtos galegos: mercado imediato, próximo, afastado

A economia galega mantém, como todas, importantes vínculos externos, quer seja de índole comercial (exportações e importações), financeiro (compras e vendas de activos) ou transferencial (entradas e saídas de rendas externas, subsídios e outros pagamentos). O espaço económico exterior ao que estamos vinculados começa com as trocas de toda índole com o resto do território espanhol, alarga-se aos intercâmbios com o espaço comunitário e prolonga-se finalmente a outros espaços de especial interesse: países produtores de produtos energéticos, países latino-americanos, potências emergentes, com a China em primeiro lugar.

Resulta pertinente examinar antes de nada as relações com o resto de Espanha. Qual é o volume de mercadorias produzidas em Galiza que têm como destino a própria Galiza, o resto de Espanha e o resto do mundo? Para responder adequadamente a esta questão haveria que recorrer às Tábuas Input Output elaboradas com certa periodicidade pelas CC. AA. posto que, a perspectiva territorial que envolve a pergunta não faz parte da Contabilidade Nacional. É preciso, em consequência, recorrer a investigações específicas sobre o particular; nomeadamente aos informes periódicos elaborados por [C-Interreg](#), o último dos quais é referido ao ano 2017.

A estimação da produção própria distribuída entre o mercado doméstico, o mercado espanhol e o mercado do resto do mundo por cada CC. AA. esclarece esta questão da distribuição espacial normalmente descuidada na informação habitual procedente das Contabilidades Nacional e Regionais.

As cifras referidas a Galiza, oferecidas por C-Interreg para o ano 2017, e a sua relação com as correspondentes ao conjunto de Espanha são as seguintes:

Ano 2017, milhões euros	Mercado doméstico (1)	Mercado espanhol (2)	Exportações resto mundo (3)	Produção efectiva (1+2+3)
Galiza	12.628	13.426	21.676	47.730
Espanha	156.510	214.919	275.013	646.442

É preciso sublinhar que a informação facilitada por C-Interreg é de índole puramente comercial e que a produção efectiva aludida pouco tem a ver com o produto interior bruto estimado em termos de Contabilidade Nacional. Reparemos no facto de que a contribuição de Galiza à economia espanhola é de 7,4% em termos de produção efectiva mas se mantém em torno ao 5% em termos de PIB.

Seja como for, o que interessa destacar é que a facturação das empresas galegas no próprio mercado galego é de (26,5%), e alcança o 28,1% no resto do mercado espanhol e o 45,4% a produção comercializada no resto do mundo.

Para o conjunto das CC. AA. as proporções são semelhantes: 24,2% mercado de origem, 33,2% resto de Espanha, 42,5% resto do mundo. Contudo, este padrão de distribuição mostra diferenças pronunciadas. Assim, a comercialização no próprio território alcança o seu máximo em Baleares (40,6%) e o seu mínimo em Múrcia (17,0%), a porção destinada ao resto de Espanha tem o seu máximo em Castela-A Mancha (58,5%) e o seu mínimo em Baleares (13,4%) e a destinada aos mercados externos tem o seu máximo em Madrid (53,8%), com Catalunha, o País Basco, Navarra e a Comunidade Valenciana em posições muito destacadas e o mínimo em Castela-A Mancha (23,9%). A conclusão mínima a tirar da análise comercial mencionada é que quando falarmos de exportações é bom não esquecer que os fluxos externos referidos esquecem os fluxos internos, claramente equiparáveis.

2. A balança comercial: importações e exportações, origens e destinos

Entrando já na actividade comercial externa da economia galega, exportações e importações fora das fronteiras espanholas, interessa comparar a magnitude relativa dos fluxos comerciais galegos em relação com os do resto das CC. AA.

O peso relativo de exportações e importações sobre PIB proporciona um índice objectivo para avaliar a potência comercial e grau de abertura da economia frente ao exterior e, em definitivo, da adaptabilidade e aptidão para competir em mercados abertos da economia em questão. Examinemos o comportamento das CC. AA. a partir da base de dados *Datosmacro* do diário *Expansión*. Os dados oferecidos para os rácios de exportações sobre PIB relativos a 2017, vão de um máximo em Navarra de 41,29%, seguida de Galiza com 35,78%, até um mínimo de 5,73% em Canárias. Os rácios de importações

sobre PIB vêm encabeçados por Catalunha com 38,08%, seguida de Múrcia com 31,59%, cerrando as Ilhas Baleares com 5,65%. Os rácios de saldos comerciais sobre PIB são calculados por simples diferença.

Quanto a Galiza, duas conclusões merecem ser destacadas, a primeira é a notável vocação exportadora da nossa economia e a segunda o vigoroso saldo comercial exibido não obstante o alto nível de importações sobre PIB. É pertinente apontar que os rácios galegos se sustentam na fortaleza de contados grupos industriais como o Complexo de Alcoa em São Cibrão, a Refinaria de Repsol na Corunha, o Grupo Inditex com sede em Arteijo e o complexo automobilístico configurado em torno ao Grupo PSA na área de Vigo. Todos eles com forte capacidade exportadora e de arraste de importações de matérias-primas e semielaborados.

Cumprе assinalar que as vantagens de contar com uma balança comercial avultada e positiva por parte da Galiza vêm-se parcialmente neutralizadas tanto pela localização de parte da cadeia de valor no estrangeiro como pela localização das sedes sociais fora de Galiza limitando ambas circunstâncias a plena apropriação do valor final e o impacto dos efeitos positivos indirectos.

CCAA, 2017	% [export/PIB]	% [import/ PIB]	% [saldo/ PIB]
Navarra	41,29	22,67	18,62
Galiza	35,78	28,29	7,49
País Basco	34,22	26,74	7,48
Múrcia	34,17	31,59	2,58
Aragão	33,69	30,48	3,21
Catalunha	31,99	38,08	-6,09

Castela e Leão	27,78	23,86	3,92
Comunidade Valenciana	27,26	24,15	3,11
A Rioja	22,30	16,43	5,87
Andaluzia	19,88	18,78	1,10
Astúrias	18,44	18,31	0,13
Castela A Mancha	17,68	21,13	-3,45
Cantábria	17,54	14,76	2,78
Madrid	13,78	27,50	-13,72
Extremadura	9,84	6,18	3,66
Ilhas Baleares	5,90	5,65	0,25
Canárias	5,73	9,72	-3,99

3. A rede comercial galega: Principais clientes e fornecedores

Interessa explorar a rede comercial tecida pela economia galega, tanto a dos países receptores como a dos fornecedores de produtos para o consumo empresarial ou final. Utilizaremos para tal fim a base de dados *Datacomex* da Secretaria de Estado de Comércio. Analisamos as relações comerciais de Galiza durante o último quinquénio resenhado, 2014-2018.

O mapa de relações *Datacomex* durante o quinquénio em apreço reporta importações por valor de 81.431,95 milhões de euros procedentes de 215 países e exportações por valor de 100.709,02 milhões remetidos a 218 países. É salientável tanto a notável uniformidade das cifras anuais de transacções como a sua distribuição por países, onde é possível delimitar um contado grupo de países claramente privilegiados nas relações comerciais com Galiza. Resumimos os resultados deste mapeado selectivo nos seguintes quadros.

Importações no quinquénio 2014-2018: 81.431,95 milhões euros. Distribuição por países:

Países exportadores	%	% Acumulado
França	26,04	26,04
Portugal	11,68	37,72
Itália	4,42	42,14
China	4,30	46,44
Alemanha	3,92	50,35
México	3,66	54,01
Turquia	2,73	56,74
Líbia	2,49	59,24
Reino Unido	2,47	61,71
Indonésia	2,21	63,91
Marrocos	2,20	66,11
E.U.A.	1,99	68,10
Argentina	1,76	69,86
Países Baixos	1,63	71,49
Argélia	1,43	72,92
Equador	1,25	74,17
Rússia	1,24	75,41
Eslováquia	1,21	76,62
Bélgica	1,16	77,78
Namíbia	1,03	78,80
Resto países	21,20	100

Exportações no quinquénio 2014-2018: 100.709,02 milhões euros. Distribuição por países:

Países importadores	%	% Acumulado
França	21,90	21,90
Portugal	13,20	35,09
Itália	8,75	43,85
Reino Unido	6,40	50,25
Alemanha	5,73	55,98
Países Baixos	4,20	60,18
Bélgica	3,12	63,30

Marrocos	3,11	66,41
E.U.A.	2,86	69,27
Polónia	2,73	71,99
Turquia	2,34	74,34
México	1,54	75,88
Grécia	1,52	77,40
Argentina	1,21	78,61
Roménia	1,01	79,62
Resto países	20,38	100

O liderado de França e Portugal, tanto em importações como em exportações, é um traço característico das relações comerciais galegas com o exterior, superando em ambos os casos o 50% das transacções totais. No caso das importações é destacável a presença de países fornecedores de insumos energéticos como México, Líbia, Indonésia ou Argélia. Argentina e Namíbia são, como sabemos, importantes bases operativas para a indústria pesqueira galega.

Aos efeitos de brevidade renunciamos á análise dos produtos envolvidos no tráfico comercial mesmo porque a sua atribuição aos diversos países envolvidos não é sempre fácil de estabelecer.

4. Os fluxos de capital: investimentos estrangeiros directos, entradas e saídas

O investimento externo directo, IED, tanto de entrada como de saída, é uma variável económica crucial na explicação das perspectivas de mudança da estrutura económica produtiva da sua adaptação à economia global. O IED resume correntes financeiras que visam abrir ou consolidar posições julgadas estratégicas no contexto internacional. Os dados relevantes são tirados desta vez da base *DataInves* da Secretaria de Estado de Comércio. Excluimos da análise os dados referidos a operações de Entidades de Tença

de Valores Estrangeiros (ETVE) pelo seu carácter meramente financeiro e conjuntural.

Uma simples olhada aos quadros resumo das transacções de capital referidas a Galiza no quinquénio 2014-2018 mostra uma marcada diferença entre o investimento recebido e o emitido, que é sete vezes superior. O empresariado galego manifesta uma marcada vocação internacional, em aberto contraste com a modéstia do atractivo da nossa economia como destino de iniciativas empresariais externas.

Outro ponto a destacar é a marcada diferença do mapa de países investidores em Galiza e os países receptores. Portugal, sobretudo, seguido da França, seguem sendo os países mais propensos ao empreendimento na Galiza; com a China, por sinal, em terceira posição. A geografia dos países receptores é muito mais exótica com os E.U.A. e o Reino Unido em primeira posição.

Investimento bruto recebido no quinquénio 2014-2018. Entradas no quinquénio: 899,48 milhões de euros.

Países investidores	%	% Acumulado
Portugal	56,36	56,36
França	11,09	67,45
China	6,80	74,25
Ilhas Virgens Britânicas	5,11	79,36
Reino Unido	3,40	82,76
Países Baixos	2,48	85,23
México	2,41	87,64
Luxemburgo	1,77	89,41
Suíça	1,76	91,17
Itália	1,51	92,68
Singapura	1,34	94,02
Venezuela	1,31	95,33
Brasil	1,30	96,63
Resto países (77):	3,37	100

Investimento bruto emitido no quinquénio 2014-2018. Saídas no quinquénio: 6.358,03 milhões de euros

Países receptores	%	% Acumulado
E.U.A.	35,14	35,14
Reino Unido	27,40	62,54
Áustria	8,64	71,18
Brasil	4,74	75,92
Coreia do Sul	3,32	79,24
Canadá	2,87	82,11
Alemanha	1,97	84,09
França	1,93	86,02
Marrocos	1,58	87,60
Portugal	1,42	89,02
Nicarágua	1,25	90,27
Equador	1,07	91,34
Turquia	1,05	92,39

No tocante aos fluxos de investimento, outro traço a destacar é a falta de uniformidade temporal dos fluxos recebidos e emitidos como é de esperar ao tratar-se de decisões empresariais conjunturais, em aberto contraste com a estabilidade temporal dos fluxos comerciais. Um exemplo significativo: as entradas de capital forâneo destinadas a Galiza no ano 2017 concentraram 63,11% do total do quinquénio da mesma maneira que o ano 2018 contabilizou 30,4% das saídas de operações de investimento com um exíguo 7,2% em 2014.

Finalmente, é pertinente assinalar a posição marginal da Galiza em Espanha nas trocas de capital e o desmesurado papel de Madrid como *capital do capital*. Um par de dados apenas para confirmá-lo. Madrid concentrou 64,48% do capital recebido no quinquénio (116.496,34 milhões), seguida de Catalunha com 13,31%; com Galiza numa módica quota de 0,5% (899,48 milhões). Quanto o investimento externo, Madrid

concentrava 70,96% das saídas (151.210,65 milhões), seguida de Catalunha com 7,05% e Galiza num honroso quinto lugar (2,98%, 6.358,03 milhões) flanqueada pelo País Basco e a Comunidade Valenciana.

5. O impacto económico do COVID-19: recessão e incerteza

A pavorosa pandemia desatada pelo que sabemos na cidade chinesa de Wuhan em Dezembro de 2019, e que alcançava Itália em 31 de Janeiro de 2020 e a Espanha em 1 de Fevereiro deste ano, vai caminho de transtornar gravemente a ordem económica e política mundial. De momento, parece manifesta a revalorização do liderado da China em comparação com o dos E.U.A. graças à contundência e eficácia exibida em atalhar a epidemia naquele imenso país. No 24 de Março, o governo hindu decretava o confinamento da totalidade da povoação durante três semanas: 1.300 milhões de pessoas. É a última prova da alarme global desatada.

O mapa-múndi da pandemia diariamente actualizado no [portal da OMS](#) encerra o mês de Março com 638.146 casos confirmados e 30.039 falecidos em 203 países, num processo de magnitude e trajectória ainda imprevisível. A epidemia, que se concentra de momento no hemisfério norte, estende-se com rapidez pelo hemisfério sul com consequências previsivelmente nefastas tanto em vidas humanas como em empobrecimento económico.

Sobre a magnitude e impacto económico previsível da pandemia dispomos já de alguns informes preliminares⁽²⁰⁾ ilustrativos do potencial destrutivo do vírus sobre o tecido produtivo

(20) Especialmente útil é o documento emitido por KPMG pelo seu carácter sintético, embora centrado nas perspectivas dos E.U.A.: <https://www.kpmg.us/content/dam/kpmg/pdf/2020/covid-19-impact.pdf>

e impacto económico no meio prazo. Parece evidente em todo o caso a vantagem comparativa dos países com população mais jovem, que inclui aos mais pobres incluída Sul América, e também dos menos endividados que são muito contados no mundo. E revalorização do sector público da economia, e em especial de um sistema sanitário sólido e flexível, são lições da emergência global que experimentamos tanto mais quanto que os expertos avisam do risco crescente de pandemias globais, intensificado aliás por efeito do aquecimento planetário e o aumento das catástrofes associadas.

Não obstante as fragilidades consabidas da economia espanhola — peso considerável da população idosa, escasso tamanho e fraqueza financeira da pequena empresa, forte dependência dos ingressos procedentes do turismo, excessivo endividamento externo — Espanha conta também com notáveis capacidades. A diferença da crise do 2008, Espanha conta com uma banca mais saneada que haverá de ser activada tão cedo quanto possível. As previsões actuais apontam para um impacto transitório com rápida recuperação e mesmo um crescimento acrescentado em 2021, salvo recaídas. Especula-se com saídas em V , em U sem excluir episódios de recessão global em L .

Uma aproximação hipotética à situação aponta para uma dimensão moderada do impacto e a possibilidade de saída vigorosa da crise caso sejamos capazes de preservar em condições adequadas o tecido produtivo, especialmente o segmento das pequenas e médias empresas. Assim, na hipótese de uma queda do 20% do PIB durante quatro meses, o impacto económico se cifraria em 1/15: 6% a 7%. Mesmo nesta previsão, que será provavelmente ultrapassada pelos factos, o impacto rondaria os 80.000 milhões sobre um PIB de 1.245.000 milhões. O Funcas

atreve-se a prognosticar um impacto sobre o PIB de apenas 3% com contragolpe em 2021 para recobrar o crescimento nesse ano ao 2,8%.

Tanto os E.U.A. como a UE decidiram acometer medidas extraordinárias de emergência económica de inusitada potência. Com aprovação quase unânime das Câmaras, os E.U.A. lançaram uma operação de resgate sem precedentes de 2,2 biliões de dólares que triplica os 700.000 milhões mobilizados aquando da crise de 2008 e que destina mesmo 250.000 milhões para pagamentos directos a indivíduos e famílias com renda inferior a 75.000 dólares anuais mais 500 dólares para menores de 17 anos.

Depois de alguma hesitação, o Banco Central Europeu decidia a compra urgente de dívida pública e corporativa por mais de 1 bilião de euros depois de sucessivas ampliações da intervenção. Muito mais torpe se manifestou a Comissão Europeia que acabou revelando a forte discrepância entre os países mais ricos, com Alemanha e Holanda afrente, e os países mediterrâneos, incluída a França e Irlanda, empenhados em mutualizar a emissão de dívida pública para atalhar a crise do COVID-19 e fazer frente à reactivação económica. O problema afinal reside em que os instrumentos de política monetária são insuficientes para financiar os programas de emergência sanitária e reactivação de magnitude incalculável e os instrumentos de política fiscal limitam-se no presente ao âmbito nacional.

O Governo espanhol mobilizou um volume de recursos públicos e privados estimados em 200.000 milhões à parte das normas emergência adoptadas como moratórias hipotecárias, expedientes de regulação temporal de emprego entre outras enquanto segue a pressionar as instituições comunitárias a desenharem um programa de acção comum congruente com a magnitude da crise.

O como afectará a crise à economía galega é impossível de predizer embora saibamos que vai vir estritamente condicionada pela evolución da economía española e também da portuguesa e da francesa, sócios fieis e imprescindíveis dos nossos fluxos externos, tanto comerciais como de capital, dos quais depende a rapidez da recuperação económica. A solidez das grandes corporações galegas como Inditex e o grupo PSA e mesmo a solidez e compromisso de Abanca auguram uma razoável capacidade de resposta.

Miguel Ángel Martínez Pellitero

5. Galicia e Axenda 2030: “Think global, Act local”

A cada vez mais mainstream Axenda 2030 está concibida como unha estratexia global para traballar conxuntamente a través das 17 dimensións identificadas (os 17 ODS) **no camiño do desenvolvemento sostible**. Mais a pesar de ter esa ambición global, trátase, en esencia, dunha axenda ben centrada na actuación local, no nivel de descentralización mais baixo que poida emprender accións centradas que inflúan sobre o día a día das persoas e o entorno que nos rodea.

Por iso, é tan importante que os diferentes niveis de goberno asuman esta axenda como propia, interiorizándoa e establecendo unha simbiose entre a súa iniciativa e os principios que se desprenden desta, para camiñar conxuntamente na consecución das 169 metas proxectadas de aquí ao 2030.

Esta **permeabilización dos ODS tanto ás institucións como á sociedade civil é cada vez mais perceptible**: en eventos e cumios internacionais, en comunicación política (só hai que ver que o cargo de “Vicepresidencia de Asuntos Sociais e Axenda 2030” que ostenta Pablo Iglesias no Estado español) e mesmo en museos ou centros educativos podemos atopar referencias e paneis que divulgan o significado de este gran acordo.

Deste xeito, os dous últimos anos foron especialmente frutíferos para avanzar, por unha parte, na difusión da axenda e, por outra, no deseño da súa gobernanza no Estado español nos seus diferentes niveis de goberno. O pasado 29 de xuño de 2018 aprobouse o [Plan de Acción do Goberno](#) como guía para a transición ata o

deseño dunha axenda integral de desenvolvemento sostible para o período 2030. Publicando hai uns meses un extenso [Informe de Progreso](#) sobre a súa posta en marcha e os pasos a seguir para continuar coa súa implementación nos próximos anos.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia aprobou, [o pasado 31 de outubro](#), a creación dunha ‘**Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia**’ para o control do progreso desta Axenda, adscrita á consellería titular das competencias en materia de sustentabilidade ambiental, que será a encargada do seu seguimento e cumprimento en Galicia⁽¹⁾.

A aparición deste órgano é o primeiro gran paso dende a [publicación do informe “La implantación de la Agenda 2030 de Desarrollo Sostenible en La Xunta de Galicia: Principales implicaciones y propuestas”](#) do ano 2018, elaborado por un grupo de investigación da Universidade Complutense de Madrid dirixido polo distinguido profesor José Antonio Alonso, que buscaba identificar as posibilidades de adaptación da Axenda e os ODS á capacidade de actuación da Xunta de Galicia e as implicacións que tería este proceso.


Así mesmo, está prevista a **creación dunha “Axenda 2030 de Galicia”**, a cal incluírá un *“exhaustivo diagnóstico da situación ambiental e social, así como o desenvolvemento dunha batería de indicadores adaptados a Galicia en base aos establecidos pola ONU”*⁽²⁾ e deberá integrar a Axenda Global aprobada polas Nacións Unidas co rumbo elixido para nosa comunidade para os próximos 10 anos.

(1) No artigo 4 do DECRETO 142/2019, do 31 de outubro establécense as funcións desta Comisión interdepartamental, atribuíndo principalmente tarefas de xeración de propostas, coordinación dos diferentes departamentos, seguimento da axenda e verificación do cumprimento.

(2) Información do [“Informe de Progreso”](#) publicado polo Goberno de España en setembro do ano 2019.

Para este punto semellan chave as vindeiras eleccións á Xunta de Galicia, previstas para o 5 de abril pero pospostas pola crise do coronavirus, da conformación do novo equipo de goberno e do papel (rango competencial) que se lle dará ao compromiso pola Axenda se desprenderá a capacidade de mobilización dos recursos necesarios para a súa posta en marcha.

Se observamos o deseño da gobernanza a nivel local, dende a aprobación da Axenda 2030 no ano 2015, foron sucedéndose as diferentes “**Axendas Urbanas**” como guías para introducir esta na xestión das corporacións locais e das cidades: primeiro chegou a “Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas” no ano 2017, para este curso referendarse a “Axenda Urbana para a Unión Europea⁽³⁾” coa Declaración de Bucarest, e a “Axenda Urbana Española”, desenvolvida polo antigo Ministerio de Fomento, construída a partir da identificación dos seguintes 10 obxectivos estratéxicos:



Fonte: Axenda Urbana Española (2019)


Todos e cada un destes dez obxectivos están vinculados co ODS nº11 (**CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES**), e se asocian a 72 indicadores de seguimento (35 de eles cualitativos e

(3) En marcha dende o Pacto de Ámsterdam en 2016, pretende ser “un conxunto coherente de accións impulsadas por parte dos actores europeos clave, destinadas á mellora do pleno potencia das zonas urbanas e a impulsar a súa contribución aos obxectivos comúns, tanto a escala nacional coma europea”.

outros 37 cuantitativos) para medir os resultados da aplicación desta axenda en relación coa “*calidade de vida, a sustentabilidade urbana e da preparación das cidades para afrontar os retos do futuro*” (Axenda Urbana Española 2019).

Esta axenda urbana española sintetiza nun documento (de carácter orientativo e non normativo) unha serie de principios, establece un método de traballo e un proceso aplicable a todos os actores (tanto públicos como privados) que teñen presenza nas cidades ou vilas, co fin de acadar esa sustentabilidade nas cidades que, se cabe en Galiza coa grande emigración do rural cara estas, cobra aínda máis importancia para o noso futuro próximo.

Asumindo a realidade de que a **Axenda 2030 vai do global ao local**, un estudo realizado polo goberno vasco para implantar a Axenda 2030 no seu Plan Estratéxico e como guía para todos os concellos de Euskadi, establece que **ata 80 das 169 metas teñen un alcance directamen-**



te municipal, e case a metade dos indicadores de medición e progreso da Axenda (110 de 232) teñen un alcance que é posible medir dende o local⁽⁴⁾.

Dende a reestruturación e a conformación do novo goberno do Estado español, esta “**Axen-**

(4) Agenda Euskadi – Basque Country 2030. “*Cómo abordar los Objetivos de Desarrollo Sostenible desde el ámbito local, GUÍA PRÁCTICA*”.

da Urbana Española” xa ostenta un rango ministerial directo no antigo “Ministerio de Fomento”, agora denominado “Ministerio de transportes, movilidad y agenda urbana”, titularidade de Jose Luís Ábalos, quen debe traballar en colaboración directa coa Secretaria de Estado para a Axenda 2030 rexida por Ione Belarra.

Para contribuír a súa implantación e asegurar a coherencia de todas as actuacións individuais dentro do marco do Plan Estratégico do Goberno do que falamos anteriormente, e coa idea de transformar os asentamentos humanos en lugares mais respectuosos, este ministerio está axudando a construír un Plan de Acción a todos os axentes que accedan a participar, poñendo material a libre disposición⁽⁵⁾ e ofrecendo axuda directa para a súa confección.

Como exemplo de vila pioneira en integrar as recomendacións da ONU para os Asentamentos Urbanos (ONU-Habitat) compre citar o Plan Estratégico **da cidade de A Coruña** (CORUÑA PRÓXIMA 2030⁽⁶⁾) promovido polo ex-goberno da Marea Atlántica e asumido polo actual que

deberá guiar o crecemento (a todos os niveis) da cidade para a próxima década.

Do mesmo xeito tamén debemos citar o grande recoñecemento nacional e internacional que obtén sempre a **cidade de Pontevedra** polo seu bo desempeño no referente a construír unha cidade respectuosa tanto coas persoas e como co seu entorno. E por iso o seu alcalde Miguel Anxo Fernández Lores foi convidado recentemente a explicar o seu modelo de cidade a unha xornada celebrada en Madrid: “Axenda Urbana e Cambio Climático”.

Estes son só dous bos exemplos do camiño que **o local** debe seguir para axudar a acadar as **metas globais** que proxecta a Axenda 2030. É unha axenda de todas e para todas, e por iso é imprescindible reivindicar, nun mundo cada día mais globalizado, a importancia do local. E non só das grandes vilas, senón tamén de todos e cada un dos pequenos e rurais concellos tan necesarios no noso país para unha relación en harmonía entre comunidades e planeta.

(5) En www.aue.gob.es/implementation no apartado “¿Cómo hacer mi Plan de Acción?” atopamos unha serie de pautas e material para elaborar un Plan de Acción adecuado ás características da institución en función da súa natureza (pública, privada ou terceiro sector).

(6) Documento do Plan Estratégico “CORUÑA FUTURA 2030” en <http://www.coruna.gal/agendaurbana/es>

Marola Padín Novas

6. Galicia-China, un binomio con forza. A acción exterior de Galicia e as relacións con China

De Occidente a Oriente, as relacións con Asia non son novas. En 1522 fundábase a Casa da Especiaría na Coruña e, aínda que de curta duración, supuxo un exemplo de tesón, influencia e a necesidade dos nobres galegos, especialmente Fernando de Andrade, de crear as súas propias canles para acadar o mercado das especias e produtos de luxo do sudeste asiático.

Xa no século XX, durante os anos da Revolución Cultural en China (1966-1976) Pepe Castedo impartía clases de español no Instituto de Linguas Estranxeiras de Beijing cun método de ensinanza pioneiro na súa época. Dende Londres o xornalista, profesor e tradutor da Organización Internacional do Café Fernando Pérez Barreiro facía a primeira tradución directa dende o chinés ao galego na obra “Flores de leña”. Xulio Ríos, un dos mellores sinólogos de España ten publicados milleiros de artigos sobre a situación e evolución de China dende os anos 90. Exemplos de persoeiros galegos en relación con China hainos e Galiza debe seguir formándoos para que non quede atrás. A presenza en China debe ser real nin efémera nin superficial.

De Oriente a Occidente, o tapiz de Santa Susana no Museo da Catedral de Santiago ou as telas luxosas do enxoval de Frai Rosendo dan conta da nosa relación con Oriente, aínda que non o lonxano Oriente.

En maio do 2019 o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, destacou en Vigo, durante unha comida-coloquio do te-

cido empresarial co embaixador da República Popular da China en España, Lyu Fan, as boas relacións entre ambos territorios. O certo é que hai empresas galegas de recoñecido nome cun gran éxito de negocio en China nembargantes, as pequenas e medianas empresas aínda teñen certo temor polo alto nivel de burocratización, a diferenza de idioma e as diferenzas culturais, entre outras, para poñer un pé na China. Con todo, o número de empresas galegas que venden en China duplicouse na última década. Os sectores que máis destacan son o agroalimentario e o téxtil. Nesta realidade, con maior ou menor compromiso, atópanse involucradas as cámaras de comercio, o Igape e as organizacións empresariais.

Pero non todo é economía. Nos últimos anos o incremento do número de estudantes chineses nas universidades galegas é considerable así coma o número de convenios firmados con universidades daquel país. Pero o intercambio real non é tal porque non tantos estudantes galegos aproveitan esas oportunidades para ir estudar en China. Son, así, oportunidades perdidas.

Xa en Galicia, contamos con ferramentas como o Libro Branco de Acción Exterior de Galicia (2004), o primeiro deste tipo para unha comunidade autónoma en España, onde se explicita entre as prioridades xeográficas en Asia-Pacífico a China e a Taiwán como referencias clave para consolidar a nosa presenza nese continente. Unha clara análise dos actores, instrumentos e sendeiros para a nosa acción exterior.

Ademais o Anteproxecto de Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento que, de aprobarse, establece o novo marco de actuación no que enmarcar unha axenda para a internacionalización da nosa comunidade autónoma.

A posición de Galicia é xeoestratexicamente positiva. Por unha banda, de cara ao Atlántico e preto de Portugal sitúanos nunha localización moi vantaxosa. Por outra banda, a existencia de Macau como ex-colonia portuguesa no sur de China e a nosa lingua capaz de entenderse con todos os falantes da lusofonía ofrécenos unha boa posición para as negociacións e o intercambio. Ademais dende o “Observatorio de la Política China” xestiónase a RIBSI (Red Iberoamericana de Sinología) o que permite a Galicia establecerse como ponte entre China e América Latina.

As innovacións no campo das telecomunicacións e da informática, sobre todo a Internet, xogaron un papel decisivo na construción dun mundo globalizado. A actual batalla polo 5G permitirá avances inconcibibles ata o de agora. Batalla na que China ten un papel líder en clara competición con Estados Unidos.

Galicia e, máis concretamente, Santiago de Compostela teñen unha oportunidade de amosarse como capital do diálogo sinoeuropeo a través da formulación de propostas para acadar acordos e compromisos arredor dos Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible (ODS). Os ODS asumidos polo estado español tamén comprometen ás súas comunidades autónomas.

De outubro a abril, O “Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional” (IGADI), levou a cabo a realización do proxecto “Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente”. Este proxecto enmárcase no contexto actual da Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX), impulsada pola Xunta de Galicia dende marzo de 2018. Así, a intencionalidade explícita do proxecto procura un enfoque integral nas relacións de Galicia con China, máis aló do posicionamento turístico do Xacobeo 2021. A

plan pretende reforzar o papel de Galicia e, concretamente, de Santiago de Compostela dentro da Unión Europea, como capital do diálogo sinoeuropeo. O IGADI elaborou durante os meses de duración do proxecto un estudo que identifica as fortalezas e debilidades, as oportunidades e as ameazas, das relacións Galicia-China, que implican a formulación dunha proposta de plan de actuación para o posicionamento de Galicia e o Xacobeo 2021 en China. Mediante cuestionarios realizados a actores chineses, entrevistas aos diversos actores galegos e a revisión da bibliografía existente, este proxecto finalizou coa presentación dun informe final cos resultados da investigación.

A situación actual da pandemia xerada polo COVID-19 traerá consecuencias máis alá das concernentes á saúde. Necesítase tempo para poder ver con perspectiva os efectos que ocasionará, pero xa se avista o grave impacto na economía, con especial incidencia nos xóvenes e nas mulleres, abríndose máis a fenda da desigualdade. Ademais, a fenda dixital tamén se viu máis acusada durante o confinamento, véndose moi afectados aqueles estudantes que seguían o curso escolar *online*.

Para finalizar, todos estes actores, documentos e proxectos xa levados a cabo ou en curso dan mostra de que as relacións Galicia China non só existen senón que se deben mellorar cun ánimo de continuidade e calado de cara o futuro. Non se pode perder o traballo xa comezado, ao contrario, débese poñer en valor e empregalo para avanzar nunha axenda comprometida coa investigación, a mellora do posicionamento das nosas empresas e sobre todo de intercambio para demostrar que Galicia China, efectivamente, é un binomio con forza.

Daniel González Palau

7. Galicia e a lusofonía na década dos 20

No ano 2019 cumpríronse cinco anos da aprobación por unanimidade no Parlamento da Lei de aproveitamentos dos vínculos co portugués e a lusofonía, realmente coñecida coma Lei Paz Andrade (2014). A Lei, filla dunha iniciativa cidadá impulsada polo movemento reintegracionista, acabou por levar o nome da Iniciativa e do ensaísta e empresario, Valentín Paz Andrade, na coincidencia co seu día das Letras de 2012 e a súa visión do potencial económico internacional da lingua galega.

Nestes cinco anos a Lei abriu unha nova etapa na historia da autonomía e a súa dimensión global, motivando distintas iniciativas de relieve, entre outras, os protocolos co Instituto Camoes para a facilitación da incorporación do portugués no ensino de Galicia, o proxecto Arritmar de música e poesía galego-portuguesa, as coproducións entre a CRTVG e a Radio Televisión Portuguesa, ou a incorporación do Consello da Cultura de Galicia e da Academia Galega da Lingua Portuguesa como observadores consultivos da CPLP...

Pola contra, a introdución do portugués no sistema de ensino público está a ser obxectivamente lenta e a promoción das ligazóns coa lusofonía fica nun desexo aberto sen canais concretos que camiñar, sen dar unha programación mínima e contidos reais e sistemáticos que incidan na realidade. Coa Lei Paz Andrade acontece así coma co resto da nosa acción exterior, atópase fragmentada e sen fíos de comunicación coordinados no mínimo na Xunta e coa sociedade.

Outra dos espazos baleiros nas iniciativas arredor da Lei Paz Andrade ten que ver coa Casa da Lusofonía, que o Concello de Compostela re-

clamara ao Ministerio de Exteriores español para a cidade nunha Declaración Institucional unánime o 18 de outubro de 2018. Motivado polo propio colapso electoral no Estado durante o 2019 e a propia diletancia coa posibilidade de incorporar Galicia ou España á CPLP, a situación continúa en stand by e as dependencias físicas ofrecidas polo Concello baleiras.

A Casa da Lusofonía, e facer de Compostela o centro das relacións cos países de lingua portuguesa con Galicia, un espazo estratéxico que conte co respaldo do Estado, será un tema no que na Xunta (gobere quen gubere) ten unha estupenda oportunidade para facer unha reflexión pedagóxica no conxunto do estado, poñendo o perfil internacional de Galicia en valor, tamén na nosa categoría de nacionalidade histórica e os nosos especiais vínculos con Portugal.

Galicia na CPLP?

E se a Casa da Lusofonía sería ese espazo desde onde crear unha ponte permanente coa lusofonía en Galicia, a participación formal dentro da CPLP sería outro dos eixos desde onde sistematizar o desenvolvemento da Lei. Aínda que con avances, a nosa participación na CPLP segue a estas alturas no misterio.

Cómpre destacar que o 9 de outubro de 2018, o Parlamento galego aprobara por unanimidade no Debate do Estado da Autonomía, por iniciativa do BNG, a solicitude da entrada de Galicia na CPLP. A resolución unánime do Parlamento fundamentouse, catalizouse desde a Lei Paz Andrade. Neste sentido o 2019 foi un ano de clarificación, que agardaban concrecións neste 2020. Primeiro co anuncio o pasado 11 de outubro de 2019, nun acto organizado pola Academia Galega da Lingua Portuguesa na USC, da Directora Xeral da CPLP (Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa) de que España comunicara verbalmen-

te a vontade de adherir á CPLP como observador asociado.

O anuncio representaba o final dun camiño (por agora) do que desde o mapa da península ibérica, poderíamos falar de séculos, mais en concreto e acoutando no calendario, unha andaina que iniciara no ano 1986 coa participación da Comisión Galega do Acordo Ortográfico nas reunións para o Acordo de Unificación da Lingua Portuguesa, en Brasilia (1986) e Lisboa (1990), antecedentes fundamentais para a creación da CPLP en 1996. Participación galega no Acordo Ortográfico que, cómpre significar, se realizou na altura coa aprobación do Ministerio de Asuntos Exteriores da España e coñecemento das autoridades galegas, e a colaboración proactiva do goberno brasileiro (no primeiro caso) e do goberno portugués no segundo, como pode comprobarse na documentación dispoñíbel.

Previamente á oficialización do estado das cousas por parte da Xunta de Galicia o Ministerio de Asuntos Exteriores presentaba a solicitude formal ao Secretariado Executivo da CPLP en decembro de 2019. Se todo se tivese producido con normalidade, España entraría neste verán de 2020 na CPLP como observador asociado, ao mesmo tempo que outros estados que presentaron a súa solicitude, como é o caso da Rusia, na Cimeira de Luanda, prevista inicialmente para xullo de 2020. Sen embargo xa a comezos de marzo de 2020 diante da emerxencia mundial da pandemia da Covid19, Angola (o estado receptor da Presidencia da CPLP para os próximos dous anos), anunciou unha recolocación no cronograma da Cimeira para setembro, e posteriormente, a 19 de maio comunicou publicamente a necesidade de suspender até o verán de 2021 o cambio na Presidencia, solicitándolle a Cabo Verde que alongase un ano máis a súa Presidencia. Con todas estas mudanzas ollamos con nostalgia o comezo

do ano Carvalho Calero 2020, co intercambio de “Obrigados” entre o deputado Néstor Rego e o Presidente do Goberno de España Pedro Sánchez durante a investidura de comezos de ano.

Así as cousas, coa proposta da entrada do Estado español, a participación directa de Galicia na CPLP como Comunidade Autónoma fica agora na incerteza total, á falta de coñecer os plans de incorporación de España á CPLP nos diversos aspectos que deberá recoller o documento de adhesión. Nese sentido a oficialización a comezos de xaneiro de 2020 por parte da Xunta de Galicia non aclarou nada. Nese plan agardamos un papel relevante e explicitamente recoñecido para Galicia, principalmente e desde o máis puro formalismo, porque a solicitude de entrada de España prodúcese despois das xestións que o Goberno galego realizou en Lisboa coa mediación da AGLP, e do traslado da resolución do Parlamento galego ao Ministerio de Asuntos Exteriores do Reino.

Na Galicia dos anos 20 alén das evidentes sinerxías e complementariedades a nivel lingüístico e sociocultural, coidar estratexicamente as relacións desde Galicia coa CPLP e territorios de lingua oficial portuguesa, terá que ser un pilar do noso modelo de desenvolvemento do futuro. Falamos do ámbito económico e comercial, mais tamén de ámbitos estratéxicos para Galicia onde temos complementariedades por explotar co espazo xeopolítico da lusofonía: o pesqueiro, o académico, a industria cultural ou turístico, por significar algúns. De Portugal ao Brasil ou Macau, pasando polos PALOP (Países Africanos de Lingua Oficial Portuguesa) temos, coma galegas e galegos no mundo, unha vantaxe comparativa recoñecible.

Por agora ficamos na incerteza arredor da propia vida institucional da CPLP, a incorporación de España como estado asociado e o papel de Galicia nesa participación.

Miguel Rodríguez Fernández e
Duarte Romero Varela
(Presentadores do podcast Té con Gotas)

8. Inmigración e comercio tralo Brexit: os interrogantes reabertos pola pandemia global

A crise do coronavirus revelou unha realidade moi incómoda para unha parte da opinión pública británica: se o país segue funcionando é grazas á man de obra inmigrante. Mentres que as oficinas se baleiran, sectores con moita dependencia de man de obra foránea, traballan a máxima capacidade. Un 17%¹ do persoal do comercio naceu fóra do Reino Unido, unha porcentaxe aínda maior nos sectores da saúde (20%), do transporte (26%) ou dos coidados e o traballo social (18%).

E se esta é unha realidade incómoda para unha parte da opinión pública, é porque a cuestión migratoria tivo un rol central no debate político dos últimos anos. Nos meses previos ao referendo de saída da UE, as enquisas² indicaban que a inmigración era considerada como o principal problema que afrontaba o Reino Unido. Non foi casual que a campaña do Brexit xirase en parte en torno a retomar o control sobre as fronteiras. De feito, un terzo dos que votaron a prol de saír, fixérono para poder pór couto á chegada de traballadores de fóra³.

Aínda que desde o ano 2016 a preocupación pola inmigración foi decaendo, unha das principais prioridades do novo goberno de Boris Johnson foi desenvolver un sistema de control de fronteiras que respondese ás demandas do seu electorado. En febreiro de 2020, a ministra de interior, Priti Patel, anunciou as liñas mestras

dun sistema de inmigración por puntos que se aplicará cando rematen as negociacións comerciais coa Unión Europea.

A idea principal desta política é penalizar a inmigración non cualificada e simplificar o acceso a visados de persoal de fóra da UE. Para isto, establecen uns requisitos mínimos obrigatorios que inclúen unha oferta de traballo, un bo nivel de inglés e unha formación equivalente ao bacharelato. A partir de aí, cada solicitante ten que ir cumprindo outros requisitos que lles dan puntos. Isto pode ser ter un salario alto, unha formación doutoral, ou traballar nun sector no que hai particular demanda.

Esta política encaixa moi ben coa opinión pública maioritaria no Reino Unido, que ve con bos ollos a chegada de inmigrantes con formación superior. Segundo unha enquisa de YouGov do ano 2018⁴, un 71% da poboación é partidaria de manter os mesmos niveis de inmigración ou mesmo aumentalos para aqueles traballadores cun nivel de educación alto que busquen traballos ben pagados. Pola contra, un 57% quere deter ou reducir a chegada de xente con pouca formación para postos con salarios baixos.

Pero a gran contradición da opinión pública e do goberno británicos é que a dependencia da man de obra inmigrante non é só en sectores que requiren unha alta cualificación. A crise do coronavirus puxo sobre a mesa que moitos traballos clave, normalmente desprezados por seren de baixa cualificación, están ocupados por xente que non naceu no Reino Unido, pero que cumpre unha función social fundamental cando hai unha crise.

Reino Unido global no mundo post COVID-19

Os tempos do coronavirus non só poñen en cuestión a nova política migratoria do Reino Unido, senón a oportunidade do propio Brexit.

A narrativa dos partidarios de saír da UE baseábase tamén en denunciar os corsés que o mercado común impuña ao Reino Unido á hora de prosperar comercialmente nun mundo aberto. A nova 'Global Britain' ('Gran Bretaña global en galego') sacaría partido do comercio cos socios europeos mais tamén das vantaxes de novos acordos feitos a medida con nacións doutros continentes.

O repregue sen precedentes á esfera nacional que está a desatar o coronavirus non semella o mellor contexto para esta estratexia. Os peches fronteirizos reaparecen por medio mundo, gobernos de todo signo confiscan material sanitario inicialmente destinado á exportación e nacións tan próximas como Portugal reabren desde as súas institucións o debate sobre a relocalización de industrias consideradas esenciais. O pouso que deixe no comercio mundial esta desglobalización temporal porá máis ou menos atrancos nas rodas do Reino Unido na súa nova etapa como verso solto.

A xestión deste futuro incerto estará na man dun partido conservador que goza de maioría absoluta no Parlamento mais que tamén atravesará unha crise de identidade.

Algunhas das figuras de máis peso no actual Goberno de Boris Johnson, como o ministro de exteriores, Dominic Raab, a ministra de Comercio Internacional, Elizabeth Truss, e Priti Patel foron autores en 2012 de *Britannia Unchained* (*Britannia sen cadeas* en galego), un libro-manifesto que reclamaba regresar ás esenciais do Thatcherismo, promovendo máis libre mercado e reducindo o peso do Estado. A súa práctica de Goberno até agora, porén, dista moito de semellarse ao clásico manual liberal.

A maioría absoluta colleitada polos *tories* no Parlamento sustentouse nun conservadorismo de novo cuño que abandeirou dúas prome-

zas: levar a cabo o Brexit e rachar con case unha década de austeridade conservadora. Johnson prometeu aumentar o gasto público en case 3.000 millóns de libras ao ano, dotar de máis financiamento ao servizo público de sanidade e á Policía, e embarcarse en infraestruturas multimillonarias, como o tren de alta velocidade entre Londres e o norte de Inglaterra.

O parón do Coronavirus non fixo máis que engadir gasolina á fogueira do gasto público, co Goberno prometendo gastar "todo o que sexa necesario" para paliar o golpe. O seu plan de emerxencia inicial era dos máis ambiciosos de Europa: o Goberno prometeu pagar o 80% dos seus ingresos a asalariados e autónomos afectados pola pandemia, abrir unha onerosa liña de créditos ás empresas, moratorias sobre o pago de hipotecas e alugueiros e mesmo entrar no accionariado de compañías estratéxicas, como British Airways, para garantir o control do capital británico.

A falta de coñecer canto tempo durarán as medidas excepcionais para conter o coronavirus, todos os indicadores apuntan a que o mundo avanza cara unha recesión global. Nesta conxuntura, o Reino Unido terá que afrontar o reto de repensar a súa política migratoria, despois dunha crise que evidenciou a dependencia dos traballadores estranxeiros, especialmente dos pouco cualificados. Ademais, as potenciais vantaxes do Reino Unido como un axente libre no mercado global, poden verse cuestionadas se a saída desta crise pasa por un repregue cara os estados ou rexións supranacionais.

FONTES

- [1] <https://migrationobservatory.ox.ac.uk/resources/briefings/migrants-in-the-uk-labour-market-an-overview/>
- [2] <https://www.ipsos.com/ipsos-mori/en-uk/>

[ipsos-mori-issues-index-january-2020](#)

<https://www.gov.uk/government/publications/the-uks-points-based-immigration-system-policy-statement/the-uks-points-based-immigration-system-policy-statement>

[3] <https://lordashcroftpolls.com/2016/06/how-the-united-kingdom-voted-and-why/>

[4] <https://yougov.co.uk/topics/politics/articles-reports/2018/04/27/where-public-stands-immigration>

Xoán A. Pérez Lema

9. O Brexit e a continuidade de Escocia, Irlanda e Gales no Reino Unido

A maioría absoluta obtida polos *neotories* dirixidos polo *premier* Boris Johnson nas eleccións de decembro de 2019 permitiu a urxente aprobación da lei que, consensuada coas Autoridades da Unión Europea (UE), determinou a saída do Reino Unido (UK) da UE o 31 de xaneiro de 2020. Dende este intre ábrese un período transitorio até o 31 de decembro deste ano no que as liberdades de circulación ficarán sen mutación ningunha. Mais ao longo deste período transitorio UK e a UE haberán negociar a serio os termos aos que axustarán a súa relación dende o primeiro día do vindeiro 2021. A falla de acordo suporá o *brexit* duro, o dominio da unilateralidade, quer europea, quer británica, con efectos aínda non definidos nin quizais albiscábeis polo de agora.

UK non resolveu até a fin do pasado 2019 a lea xerada polo referéndum de xuño de 2016 convocado polo-até entón-*premier* David Cameron. A consulta plebiscitaria a respecto da permanencia na UE foi gañada polo *brexit* (51,5%) fronte ao 48,5% dos *remainers*. Un resultado, xa que logo, moi parello. Mais os resultados na Escocia e no Norte de Irlanda (Ulster) si foron nidos e constituíron unha malleira a prol dos *remainers*: 62% vs 38% no caso de Escocia e 55 vs 45% no caso do Ulster. Pola contra, en Gales gañou o *brexit* (52,5% vs 47,5%, cunha diferenza de só 80.000 votos), mais o pulo definitivo para os da saída da UE non veu da poboación galesa de orixe e fala, senón dos condados con meirande porcentaxe de poboación de orixe inglesa (moitos xubilados residentes no país, por ter un nivel

de prezos máis baixo ca o inglés).

Xa que logo, esta evidencia e máis o apoio acadado por Johnson no recente proceso electoral na Inglaterra (non univocamente vencellado á decisión definitiva do *brexit* mais indubidabelmente conectado coa mesma, pois que o *premier* fixo do *brexit* urxente e incondicional o eixo da súa proposta electoral) determina unha fenda importante entre as decisións adoptadas colectivamente polos ingleses e as adoptadas polas outras tres nacións da UK, nomeadamente o Ulster e Escocia.

Escocia. Cara un novo referéndum de independencia?

No caso escocés, arestora as enquisas sinalan nun 51-52% a porcentaxe da súa cidadanía a prol da independencia. En setembro de 2014 a contaxe foi nida a prol do *no*: 55% vs 45%. Malia que foron as persoas de máis idade e os de orixe inglesa as que definiron na fin o resultado, o que de seu facía albiscar que no futuro os número poderían mudar. Porén, esta reviravolta demoscópica non ven causada por mor desta evolución demográfica. Mesmo tampouco polo aberto incumprimento da promesa dos unionistas *tories*, *lib dem* e laboristas na derradeira semana de campaña do referéndum de setembro de 2014 dun substancial incremento da autonomía escocesa (*devolution plus*) se os caledonios votaban por ficar no UK.

Non, con influír tamén os devanditos factores o feito fundamental que explica o grande incremento da opción independentista na Escocia é o *brexit*. Porque en setembro de 2014 foron ducias de milleiros, sobre todo das clases medias, os que votaron ficar no UK por cuestións económicas, diante das ameazas continuas dos partidos unionistas e tamén, na fin da campaña, dalgúns operadores económicos (Royal Bank of

Scotland e a aseguradora Standard Life chegaron ameazar co seu traslado a Inglaterra, tamén salientaron nesta campaña Barclays, Lloyds e máis a petroleira Shell). Ameazas que xiraban arredor da cuestión fulcral da saída de Escocia da UE se deixaba o UK, tendo en conta que o eventual reingreso habería ser rexeitado co veto do propio UK e tamén, de España, que quería evitar daquela folgos adicionais para o soberanismo catalán.

Pois ben, o *brexít* é xa unha realidade dende o 31 de xaneiro e a *first minister* escocesa, Nicola Sturgeon pediu, tan axiña como se verificou, a cesión por parte do goberno de Westminster dos poderes precisos para convocar un novo referéndum de independencia, como cedera no 2014 o *premier* David Cameron ao daquela *first minister*, Alex Salmond. Pedimento que foi rexeitado axiña polo *premier* Boris Johnson, para quen a decisión de 2014 habería ter vixencia polo tempo mínimo dunha xeración. Indubidabelmente dende calquera normativa constitucional reguladora do dereito a decidir (por exemplo, a lei de claridade canadiana) unha resposta negativa nidia como a de 2014 sería decisiva por un tempo,. Mais neste caso non é así. A saída da UE por parte do UK supón unha mutación constitucional de grande magnitude, que renova, dende o principio democrático, a posibilidade que Escocia poida decidir o seu futuro., tendo en conta o carácter consensual da Unión decidida no 1707 e o espírito do Dereito Estatutario escocés (Scotland Acts de 1998, 2012 e 2016).

Malia esta evidencia, a actitude pechada de Johnson fai pensar nun futuro choque de trens. Johnson mantivo a mantenta á marxe do proceso de adopción da normativa para o *brexít* aos Parlamentos escocés e norirlandés á Asemblea galesa, sen atender ao grandísimo impacto desta decisión en cadanseus países e en cadansúas gobernanzas.

Irlanda: cara a súa reunificación?

En abril de 1998 asinouse o *Good Friday Agreement* entre os gobernos do UK e da República de Irlanda, aceptado polos partidos norirlandeses e ratificado polo conxunto da cidadanía do Ulster e da República de Irlanda en referéndum. En virtude destes pactos, acadouse o cesamento da violencia política e recoñeceu o dereito a decidir da cidadanía do Ulster, tanto para seguir no UK como para se incorporar á República de Irlanda.

A paz, a recuperación dun autogoberno limitado (que require do consenso entre as comunidades católica e protestante) e máis a integración económica cunha República de Irlanda que posúe a quinta renda *per cápita* a nivel mundial xerou nestes vinte e dous anos importantes cotas de benestar na deprimida economía do Ulster. Unha fronteira física, outravolta, sería unha hipótese moi lesiva para o conxunto da poboación.

En decembro de 2019, nas eleccións ao Parlamento de Westminster, o *Sinn Fein* e as forzas transversais que tentan integrar católicos e protestantes obtiveron maioría. O *Sinn Fein* obtivo tamén o primeiro posto en votos nas eleccións de febreiro de 2020 á Cámara Baixa irlandesa (*Dail Eireann*).

É evidente que aos dous lados da xa inexistente fronteira existen intereses moi importantes a prol de manter un único espazo económico. Na medida en que

Boris Johnson o descoñeza medrará aínda máis a tendencia a prol dunha reunificación que semella ofrecer bastantes vantaxes, malia a ferreña oposición de moitos protestantes.

Medra o soberanismo galés

Vimos xa como Gales optou polo *brexít* por unha moi curta marxe, malia que recentes estu-

dos descubriron que esta curta maioría *brexiter* podería non ser tal se non se computa a poboación de orixe inglesa residente.

O certo é que o soberanismo galés, representado polo partido de Gales (*Plaid Cymru*) está a medrar nos seus apoios. Malia que os escanos e votos obtidos nas eleccións ao Parlamento de Westminster de decembro de 2019 foron semellantes ás anteriores, no 2017 (10-11% e 4 MP), as expectativas cara á elección da Asemblea galesa son moi boas, moito máis se temos en conta a crise dos laboristas en Gales, que perderon sete MP fronte aos *tories* nas recentes eleccións ao Parlamento de Westminster.

O *Plaid Cymru* asumiu un programa cara as vindeiras eleccións autonómicas que propugna a celebración dun referéndum de independencia na fin do segundo mandato de Goberno nacionalista. Enquisas recentes outórganlle a vitoria, cun 24%. Outras apuntan que até un 33% de galeses estarían a prol da independencia, concibida como medio para remanecer na UE e agora como medio para voltar á mesma. No verán de 2019 os nacionalistas levaron adiante varias marchas pola independencia en varias cidades e vilas galesas,

Xa que logo, nas vindeiras eleccións o líder do *Plaid Cymru*, Adam Price, podería acceder á xefatura do Executivo galés, malia que as forzas unionistas probabelmente sigan a obter máis de dous terzos dos votos..

Ficará Inglaterra soa na UK?

Esta breve análise amosa como o *brexiter*, como fenómeno político basicamente inglés (e dentro de Inglaterra alleo á súa capital) está a potenciar nas outras tres nacións unha previa reivindicación soberanista proxectada á permanencia (agora ao regreso) na UE como espazo de convivencia económica e política. Esta ten-

sión evolucionará segundo se consolide ou fracase o *brexiter* como proxecto atractivo.

Para Galicia achéganos a ensinanza da reivindicación soberanista e europeísta como superadora das tendencias de reivindicación do vello e unitario UK e de freo á globalización dende a vella Inglaterra, como nación constituínte do UK. Porque sen dúbida moitas das tensións e problemas da convivencia plurinacional española teñen conexión con estes procesos contemporáneos.

Corolario do tempo da pandemia

Hoxe é 9 de maio, Día de Europa, mentres as nacións do Reino Unido e as do Estado español están a piques de rematar o seu segundo mes de confinamento, canda case toda a cidadanía europea. Despois de ducias de milleiros de mortos e mergullados na peor Depresión dende a de 1929 o noso mundo mudou moi substancialmente. Cómpre preguntármonos que novos efectos pode ter a crise da Covid-19 nas relacións entre as diversas nacións do UK e determinarmos se son ou non máis sólidas a UE e o UK do que o eran o 12 de marzo.

O Goberno de Westminster xestionou esta crise con moito máis respecto ao autogoberno norirlandés, galés e escocés do que amosou o Goberno do Estado español a respecto dos Gobernos autonómicos ou mesmo o propio Goberno Johnson cando impuxo a lexislación aprobada no Parlamento británico mesmo nos eidos da actividade pública obxecto de devolución aos tres Gobernos nacionais autónomos. A aprobación da *Coronavirus Act 2020* requiriu do consenso entre o parlamento británico e os tres Parlamentos nacionais, por atinxir tamén a áreas competenciais devolvidas, o que tamén constitúe unha importante diferenza co aplicado estas semanas no estado español.

Os Gobernos territoriais foron máis rápidos en intervir ca o Goberno británico. Mais este liberou un potente paquete económico garantindo financiamento abondo para as Administracións galesa, escocesa e norirlandesa en proporción con cadansúa poboación. Arestora obsérvase que os Gobernos todos están a traballar coordinadamente.

Mais os problemas como a unidade irlandesa ou a independencia escocesa non se resolven por si coa pandemia, malia que si mude substancialmente a visión dos problemas en intres como os actuais. Dende sectores unionistas escoceses subliñouse a falla de solidariedade e coheren-

cia interna da reacción política e económica da Unión Europea (UE) fronte á potente reacción de Westminster e do *Bank of England*, ao tempo que salientaban a menor solvencia económica dunha Escocia independente, por mor da rebaixa radical do prezo do petróleo. Porén, a cidadanía escocesa semella estar moito máis en sintonía co Goberno de Holyrood de Nicola Sturgeon e a poboación norirlandesa avaliou moi negativamente, por nidas razóns económicas, as restricións á mobilidade coa República de Irlanda.

O futuro, tamén neste eido, vai ser moi diferente. Mais aínda non sabemos como a Covid-19 influirá neste eido.

Silvia Montero Krupp

10. Sen tradución non hai Acción exterior galega

A tradución non está restrinxida a unha suposta dualidade textual entre unha lingua de partida e unha lingua de chegada. Pois, como calquera comunicación, trátase dunha acción social e forman parte dela a súa recepción intencionada como produto da industria cultural, as editoriais, os produtos cinematográficos, a dobraxe, as intérpretes etc. Atínxe os ámbitos económico, político ou cultural nos que participa como medio de comunicación interlingüístico e intercultural. O papel da comunicación transcultural resulta, así mesmo, relevante nos medios de comunicación polo carácter globalizador que a información e a propia prensa adquiren, xa que conforman a visión e o entendemento dos feitos e do mundo. É dicir que a tradución nos coloca no mundo e acaba sendo un factor fundamental para as sociedades.

Nun mundo cada vez máis globalizado, no que as relacións internacionais forman parte do noso día a día, e a pesar da preponderancia do inglés como *lingua franca*, a tradución está na base do funcionamento da economía mundial. O éxito das negociacións económicas, culturais e políticas depende da calidade da comunicación transcultural que lle ofrecemos ós socios ou ás interlocutoras.

As distintas culturas teñen diferentes maneiras de se comunicar, nas que as formas e fórmulas de cortesía, por poñer un exemplo, a miúdo non coinciden. Os actos de fala, as palabras superpostas ou os silencios non teñen o mesmo valor en España e Alemaña ou China. A interpretación ou tradución intercultural realizada por

mediadoras profesionais, sexa na fase de negociacións, for na de publicitación dun produto, favorece decididamente a internacionalización das empresas.

Nun estudo sobre sitios web de PYMES andaluzas, levado a cabo por investigadoras da Universidade Pablo de Olavide en Málaga, descubriron importantes eivas en relación á calidade da localización (i.e. a adaptación lingüístico-cultural), feito que repercute na efectividade da internacionalización destas empresas (Calvo & Reguera, 2017). Non manexamos datos obxectivábeis no que á xestión intercultural das empresas galegas se refire, mais opinamos que se require unha moito maior sensibilización neste sentido para non prexudica-los nosos produtos e marcas. Outorgarlle máis relevancia á tradución revélase, polo tanto, máis que pertinente.

No caso da tradución literaria, adoita recoñecerse o papel constitutivo que esta desempeña para unha cultura ou a persistencia da súa identidade. É rara a sociedade ou sistema cultural que non teña contactos internacionais e intercambios que se basean na tradución de textos literarios. A internacionalización dos bens culturais a través da tradución de textos literarios e de divulgación, da creación de subtítulos para filmes etc. adoita estar integrada nas políticas culturais e así mesmo na política de comercio exterior. Estímase que a tradución é un elemento estratéxico para reforza-la visibilidade dunha sociedade nun contexto internacional (cada vez máis globalizado). Ademais, a venda de dereitos de tradución reverte de xeito positivo no sector do libro. No Estado español, por exemplo, un dos cometidos do [ICEX](#) é a promoción e venda de dereitos editoriais fóra do Estado como estratexia de internacionalización da industria do libro español (véxase [New Spanish Books](#)). Segundo a Federación de [Gremios de Editores](#) en

España, en 2018, a venda de dereitos xa supuña uns 71 millóns de euros e amosa unha tendencia ascendente. Porén, só unhas poucas editoras galegas participan nesta contía xa que o tamaño destas empresas non permite investir en dereitos de explotación e tradución.

Unha lograda proxección internacional da propia cultura incide no desenvolvemento social e económico da sociedade; for esta hexemónica, for subalterna. Sabemos que para unha cultura subalterna como a galega, a tradución (en termos de importación e exportación) cumpre unha especial función na reconfiguración do sistema cultural. O que nos ensina o caso galego, é que a tradución de textos literarios desde e sobre todo cara ó galego non só repercute no ámbito cultural mais tamén incide na acumulación de capital económico e simbólico (p. e. en termos de visibilización externa como cultura propia). A incorporación de textos literarios e non literarios neste sistema implica, por unha banda, un paso cara á normalización cultural galega. A recepción da propia cultura por outras sociedades, pola outra banda, favorece que se vexan recoñecidas e reforzadas a identidade, a lexitimidade para o intercambio cultural así como a transmisión de ideas e produtos.

Alguns datos globais da edición e tradución en Galicia

Porcentaxe de libros editados en galego sobre a edición total no Estado español 2008-2018

2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
2,6 %	2,1 %	2,4 %	2,0 %	1,7 %	1,7 %	2,1 %	1,9 %	1,5 %	1,5 %	1,7 %


Fonte: Ministerio de Cultura

Porcentaxe de títulos traducidos ó galego sobre a produción total do libro en galego 2008-2018

2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
19 %	19,5 %	24,2 %	27,1 %	14,4 %	13,2 %	12,7 %	8 %	11,9 %	11,9 %	14,1 %

Fonte: Ministerio de Cultura

Cronoloxía da tradución literaria do galego ás linguas do Estado e a outras linguas (“Exportación”), así como ó galego (“Importación”) 2008-2017 (Fonte: BITRAGA)



Semella obvio que Galicia aínda carece de suficiente visibilidade no panorama internacional e que o esforzo para poder contar cunha necesaria recepción fóra do país e do Estado require políticas de apoio especiais. Mais estas accións teñen que transcende-las habituais políticas que buscan superar trabas económicas. Para poder acadar certa sustentabilidade convén reforzar ademais apoios de índole política e loxística, orientados á visibilización e á preservación do propio espazo cultural e literario, independente do efecto hexemonía que exercen os memes e as estruturas arraigadas das industrias culturais españolas. É fundamental que quen configure as políticas de internacionalización sexa consciente que a imaxe que obtemos dunha sociedade tamén se conforma a través das traducións e que a imaxe que obtemos do outro depende da posición ou relación de

poder que ostenta unha cultura con respecto a outras. Lembremos tamén que as políticas públicas ostentan as competencias e posibilidades para intervir nestas relacións. Neste sentido, unha estratexia de política de internacionalización a través da tradución debe procurar combina-lo incentivo económico co fortalecemento da autoimaxe e do autoconcepto dunha sociedade —un mecanismo que, como é sabido, contribúe á sustentabilidade das diferentes culturas. Remito neste contexto á xornada [A internacionalización do libro galego de 2018](#) (org. pola Comisión de Acción Exterior do CCG en colaboración coa AGE, coord. por Xosé Ballesteros) e á xornada [A internacionalización da literatura galega en tradución ao inglés](#) que tivo lugar en 2019 no CCG (coord. por O. Castro, L. Linares e D. Vilavedra) que nas súas conclusións recalcan na importancia das feiras do libro e concretan propostas de acción para promover a exportación do libro galego.

Sen ánimo de querer simplificar as relacións interculturais, convén destacar que a tradución literaria é unha das principais ferramentas para fomentar a convivencia (pacífica e mutuamente proveitosa) de diferentes culturas, dando a coñecer diferentes maneiras de pensar e actuar. A propia Unión Europea cita nas súas convocatorias de programas culturais como *Ariane* e *Cultura (Europa Creativa)*, a mutua comprensión e aproximación das culturas como obxectivo das súas políticas culturais e de tradución.

A tradución bríndanos un acceso para nos inserir na respectiva cultura ‘importada’ dende outro espazo ou tempo, sen necesidade de se apropiarlle e ‘domesticarlle’. Deste xeito, a recepción de textos doutras culturas convértenos en partícipes do alleo ou descoñecido.

Estas reflexións lévannos a considerarlle a tradución un acto de descubrimento, deixando nun

segundo plano a perspectiva *cuasi* materialista da tradución como produto do que nos apoderamos para incorporalo ó noso sistema cultural. A tradución ofrécenos a posibilidade de coñecer e entender outras culturas, así como de ampliar horizontes ou traspasar fronteiras e convértenos en cosmopolitas (*weltbürger*) cunha actitude crítica e aberta. Lembramos neste contexto un obxectivo recollido no proxecto da Lei de acción exterior: “impulsarase a cultura da solidariedade internacional e a conciencia de cidadanía global na sociedade galega e promoverase o europeísmo e unhas relacións internacionais baseadas na paz e na xustiza” (p. 4). Este impulso non é factible sen tomarmos en conta a tradución, porque ela favorece decididamente o diálogo e posibilita traspasar fronteiras culturais.

A internacionalización da cultura galega co apoio e a través da tradución debería ser un dos eixos da acción exterior de cara ó desenvolvemento socioeconómico da sociedade galega e da súa sustentabilidade cultural e intelectual. Por isto sería conveniente que se valorase con máis ímpetu o traballo das intérpretes, tradutoras, editoriais entre outros e que se revisen as políticas de tradución e interpretación nun diálogo cos axentes involucrados.

Resultaría asemade vantaxoso habilitar tradutoras e intérpretes xuradas en diversas linguas. A día de hoxe, no rexistro da Xunta de Galicia só figuran tradutoras e intérpretes xuramentadas para as linguas castelá, francesa e inglesa (as últimas probas convocáronse en 2009). Neste contexto tamén salta á vista que a firma dixital nestes documentos non ten validez legal e que aínda é obrigatorio entregar as traducións xuradas en formato físico. Tal vez a actual situación de confinamento pola covid-19 se converta nun aliciente para actualizar este ámbito profesional cuxas actividades son, a miúdo, impres-

cindibles para pechar un contrato ou para poder optar a un posto de traballo.

Para finalizar, e volvendo ó contexto de tradución editorial, sinalo as posibilidades que nos ofrece a Feira do Libro de Frankfurt 2021, na que España será invitada de honra. Non podemos ficar á espera de que nos descubran, temos que actuar de maneira proactiva de querermos que a

globalización económica e cultural acabe por ser unha situación *win-win*.

Os límites da miña lingua non precisan ser os límites do meu mundo, como dicía Wittgenstein, sempre que saiba traducirme para o mundo e o mundo para o que é meu.

(Silvia Montero Küpper, Grupo de investigación BiFeGa_BITRAGA, Universidade de Vigo)

11. Documento: Os 28 anos do IGADI e a futura Lei galega de acción exterior e cooperación ao desenvolvemento⁽¹⁾

O IGADI naceu en Baiona un 10 de setembro de 1991, no contexto inmediato do final da Guerra Fría a nivel internacional e unha década despois da aprobación do Estatuto de Galicia. A súa misión fundacional naquela altura foi promover a presenza internacional de Galicia e achegarnos ao mundo desde aquí.

Vinte e oito anos despois o IGADI, como asociación sen ánimo de lucro e think tank de relacións internacionais, presenta unha lista de resultados singulares na historia do desenvolvemento da Autonomía e da súa cultura exterior e internacional. No ano 1997 é capaz de erguer xunto aos 10 Concellos fundacionais o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, no 2001 impulsa a Fundación Plácido Castro para promover a figura do humanista galego e a relación co celtismo, no 2003 o IGADI define o primeiro Libro Branco da Acción Exterior da Xunta de Galicia, no 2005 crea o Observatorio da Política China e no 2009 o Observatorio Galego da Lusofonía, desde o 2010 fai parte do Consello de Acción Exterior que creou a Xunta, no 2015 impúlsase o Congreso de Estudos Internacionais de Galicia co Observatorio da Gobernanza da Universidade de Vigo, ou no 2019 promove a Declaración institucional por unanimidade de todos os grupos do Pleno do Concello “A Coruña global no mun-

do do S.XXI” no contexto da Estratexia Galega de Acción Exterior e o Xacobeo 2021...

Toda esta capacidade de traballo e resultados de incidencia institucional ten a súa base no entusiasmo dos equipos de traballo, mais pode só explicarse pola rede de centenas de persoas colaboradoras, amigas, cómplices do IGADI na tarefa de impulsar unha paradiplomacia que incorpore a Galicia ao Século XXI con toda a súa potencialidade global. A todas elas, moitas grazas, obrigados, thanks, xiexie!

Cos nosos erros e acertos o IGADI é no 2019 un espazo de reflexión e acción arredor da internacionalización de Galicia, plural e galeguista, que traballa a diario para incidir nas políticas públicas reais e posicionar a Galicia na sociedade internacional, explicitamente pensada desde o marco de Nacións Unidas e na actualidade desde a Axenda 2030. Sen embargo, o balance é irregular, xa que se ben existe en Galicia un amplo consenso institucional na potencialidade do noso perfil internacional a nivel económico, cultural e de cooperación, a inflación de accións simbólicas e puntuais non deixa moito espazo ás políticas coordinadas e estratéxicas.

Durante este vixésimo-oitavo aniversario e aproveitando a actual contexto xerado polo anteproxecto da primeira Lei galega de acción exterior e cooperación ao desenvolvemento, queremos abrir un diálogo especial con todas aquelas institucións, colectivos e persoas interesadas na política exterior de Galicia e o seu futuro.

Abrimos as nosas portas e o noso Libro de visitas e iremos a onde nos chamen para explicar o IGADI e as nosas liñas de traballo actuais, este recuncho da historia global da Galicia que foi e da que pode ser no futuro. Agradecidas e agradecidos desas visitas, agardámosvos!

(1) O documento colgouse na páxina web do IGADI o pasado 11 de setembro de 2019. Durante os últimos meses e no marco da conmemoración dos 28 anos do IGADI visitaron a nosa sede en Pontevedra líderes de partidos políticos, sindicatos, mundo académicos ou asociacións socioculturais... #28anosIGADI nas rede sociais.

12. Autorías

María Xosé Porteiro

é xornalista, escritora e política. Traballou en El Pueblo Gallego, La Voz de Vigo, Radio Popular, La Voz de Galicia, Tiempo e El País. Así mesmo, foi xefa de prensa do Concello de Vigo e directora de INCOLSA, do Museo del Ferrocarril de Madrid e da Dirección de Comunicación da Fundación de los Ferrocarriles Españoles. Ademais, ten publicado narrativa e ensaio. Foi concelleira en Vigo, parlamentaria galega, deputada no Congreso dos Deputados, membro das Asambleas Parlamentarias do Consello de Europa e da Unión Europea Occidental, e delegada de Galicia no Exterior. Na actualidade é a directora do Centro de Igualdade e Feminismos do Consello da Cultura de Galicia e adxunta a Valedora do Pobo.



Daniel González Palau

é Director do IGADI. Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración pola USC, con posgraos en cooperación internacional e xestión cultural tamén pola USC. Foi Secretario do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (2011-2015).




Joám Lopes Facal

é Engenheiro Industrial Superior pola ETSII da Universidade Politécnica de Madrid e Doutor en Ciéncias Económicas pola Facultade de Ciéncias Económicas da Universidade de Santiago com a tese O Banco de Olímpio Pérez, 1880-1936. Traballou como engenheiro e economista em várias empresas até a sua jubilação como Director Financeiro na sociedade pública Sodiga. Tem escritos vários trabalhos e artigos, fundamentalmente sobre temas económicos.



Miguel Angel Martínez Pellitero

é economista, especialista en Economía Internacional,
Axenda 2030 e Desenvolvemento

**Marola Padín Novas (潘海韵)**

é Lcda. en CC. Políticas pola rama de RR.II na Universidade de Santiago de Compostela (USC). Ma Chinese Studies(SOAS). É analista do Observatorio de la Política China (OPCh). Foi investigadora visitante na Chinese Academy of Social Sciences (CASS) e profesora visitante na Jiangsu Normal University. Colaboradora con diversos think tanks (Atlantic Community). Actualmente realizando a investigación central do proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente”.

**Xoán Antón Pérez-Lema**

é Avogado, Socio-Director de «Pérez-Lema, Avogados e Consultores». Analista político na Radio Galega TVG e outros media. Secretario Xeral do Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos (IGEA). Foi secretario xeral de Relacións Institucionais da Xunta de Galicia entre 2007 e 2009.



Miguel Rodríguez Fernández

é xornalista, cun mestrado de especialización en análise e visualización de datos pola Universidade de Cardiff (Gales). Actualmente, traballa no Reino Unido cubrindo información sobre mercados petroquímicos internacionais. É co-autor do podcast sobre actualidade británica 'Té con Gotas'.

**Duarte Romero Varela**

é xornalista de formación e traballa como investigador de audiencias no xornal británico The Telegraph. Participa activamente na comunidade galega no Reino Unido e é membro fundador do Galician Film Forum, así como copresentador do podcast sobre actualidade británica «Té con Gotas».

**Silvia Montero Küpper**

é xermanista, romanista e doutora en Tradución e Interpretación, é profesora da área de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo. É investigadora principal de BiFeGa-BITRAGA, o observatorio da tradución galega.



WE
in the **WORLD** 2020

NÓS NO MUNDO *INFORME ANUAL*
SOBRE A ACCIÓN EXTERIOR
DE GALICIA

Segue ao IGADI en [TWITTER](#) ou [FACEBOOK](#),
subscríbete ao noso [BOLETÍN ELECTRÓNICO](#)
na páxina web WWW.IGADI.GAL ou escríbenos a info@igadi.gal